



Topónimos costeiros da ría de Cedeira

Xosé-Álvaro Porto Dapena
Universidade da Coruña

Resumo:

No presente traballo recóllense e estúdanse cento trinta e tres topónimos pertencentes a un pequeno treito da costa galega, o comprendido pola ría de Cedeira. As denominacións foron recollidas directamente da fala dos mariñeiros da zona, con todas as súas variantes e tal como eles as empregan e pronuncian, sen aplicar, xa que logo, ningún criterio normativizador. O estudo divídese en dúas partes fundamentais: na primeira, de carácter puramente descritivo, rexístranse ortograficamente e en transcripción fonética os topónimos para sometelos a continuación a unha clasificación e análise morfolóxica, semántica e mesmo sociolingüística. E, finalmente, na segunda parte faise un estudo etimolóxico de cada un dos topónimos, distribuídos en tres estratos cronolóxico-lingüísticos diferentes: latinos anteriores á formación do galego, latino-medievais e romances, incluíndo nestes últimos non só os propiamente galegos, senón tamén os –máis recentes– traídos do castelán ou influenciados por el.

Palabras chave:

Toponimia, Onomástica, Toponomástica, Lingüística galega, Lingüística histórica.

Abstract:

In this paper 133 place-names from Cedeira, a small area on the galician north-west coast, were taken directly from the fishermen's local speech. All the place-names were recorded in their original pronunciation as they are commonly used by the locals without applying any normative filter. The study is divided into two parts. In the first part the place-names are registered taking into account their spelling and phonetic transcription as well as their classification in terms of morphological, semantic and socio-linguistic analyses. In the second part, an etymological study of each place-name is made. They are classified into three diachronic-linguistic categories: included in category one are those of Latin origin which were introduced before the formation of Galician language. In category two, those introduced during the formation of Romance languages in medieval times. Those of Galician origin and those taken from Spanish or influenced by this language are classified as belonging to the third category.

Key words:

Toponymy, Onomastics, Toponomastics, Galician linguistics, Historical Linguistics.

0. Introducción

0.1. Non direi nada novo se comezo sinalando a inesgotable riqueza da toponimia galega, cousa que contrasta coa relativa escaseza de estudos sobre esta materia. O obxecto do presente traballo constitúe apenas unha gota nese océano inmenso – polo tanto practicamente inabarcable– dos nosos nomes de lugar, aínda que cunha salientable particularidade: que o obxecto de pescuda –coido que por primeira vez nos estudos de toponimia galega– se vai centrar exclusivamente en topónimos da costa, quere dicir, en nomes referentes a lugares, terrestres ou marítimos, que dalgún xeito se atopan en contacto co mar. Quero ante todo con isto chamar a atención dos estudosos cara a este ámbito, ao meu ver dabondo abandonado, da toponomástica galega, que se veu e vén centrando case dun modo exclusivo nos nomes de poboación, tradicionalmente divididos, como é ben sabido –aínda que logo esta clasificación non teña moito sentido no noso medio xeográfico–, en *macrotopónimos* e *microtopónimos*. O certo é que a toponimia costeira non ten, dende logo, nada que envexarlle, canto a riqueza, á de terra adentro, coa agravante, iso si, de que –agás a referente a accidentes xeográficos importantes– é apenas coñecida pola poboación, mesmo por moitos dos que vivimos a carón desa costa. Semellantes circunstancias poñen por certo de manifesto a necesidade –e mesmo urxencia– de recoller canto antes a toponimia costeira, cuxo verdadeiro coñecemento corresponde, claro está, aos mariñeiros de baixura, de que por certo cada día van quedando menos por mor do esgotamento a que están abocados os recursos pesqueiros.

0.2. Para o presente traballo parto das informacións que sobre un mapa mudo da ría de Cedeira teño recollido de varios pescadores desta vila mariñeira, nomeadamente do polifacético e autodidacta Javier Rodríguez Vergara, coñecedor como poucos dos máis apartados recunchos da costa cedeirense, dada a súa condición de mariñeiro na súa mocidade. El foi, segundo teño entendido, quen proporcionou hai uns anos os datos para a elaboración, por parte da debuxante Zoraida Rodríguez García, dunha carta mariña do litoral cedeirense, onde se recollen absolutamente todos os topónimos costeiros dende o cabo Ortegal ata o cabo Prior. O traballo é un auténtico primor dende o punto de vista artístico, pero presenta, infelizmente, certas deficiencias de tipo técnico –moitos nomes resultan practicamente ilexibles– e así mesmo lingüístico, pois que, escritos nunha ortografía que pretende ser a oficial, os topónimos non sempre se presentan na súa forma xenuína, isto é, na usual e na súa verdadeira pronunciación; mesmo ás veces trátase de regaleguizacións das respectivas formas castelanizantes, que son as realmente empregadas. Tampouco se rexistran os casos de polimorfismo ou duplicidade de nomes para un mesmo lugar, cousa non infrecuente, como se sabe, en toda a toponimia galega.

0.3. Precisamente, para evitar estes inconvenientes, os datos por min recollidos responden ao uso real –sen prexuízos normativistas–, de forma que foron tomados sempre en transcripción fonética, procurando ao mesmo tempo dar conta dos casos de polimorfismo –distintas pronunciacións ou conformacións morfolóxicas da mesma palabra– así como de correferencialidade, isto é, da existencia de varios nomes para unha mesma realidade tópica. Polo demais, a zona de costa por min acoutada corresponde exclusivamente, tal como se desprende do título deste traballo, á ría de Cedeira, que quere dicir, ao anaco de litoral comprendido entre as puntas Ardilosa e Chirlateira, cunha extensión aproximada duns quince ou vinte quilómetros. Todo isto pode verse no mapa adxunto, realizado por min mesmo e en que os números corresponden á situación dos topónimos estudados, que suman un total de cento trinta e tres.

1. Aspectos descritivos

A ría de Cedeira, unha das máis pequenas de Galicia, atópase entre os concellos de Cedeira e Valdoviño, cuxa liña divisoria vén marcada polo río das Mestas na súa desembocadura no lugar do Puntal, por onde pasa a estrada xeral que, rodeando a ría, vén de Ferrol. O seu litoral corresponde, polo demais, a cinco parroquias: as de Cedeira, Piñeiro e Esteiro, por unha banda, pertencentes ao concello cedeirense, e, por outra, as de Vilarrube e Pantín, correspondentes ao de Valdoviño. Nela desaugan, ademais de varios regatos, tres ríos principais: o, xa nomeado, das Mestas, o Condomiñas, que atravesa o núcleo urbano de Cedeira, e o río da Loira, tamén chamado da Ferrería ou das Forcadas, que é por certo o que abastece de auga á cidade de Ferrol. Os montes que a rodean –correspondentes ás últimas estribacións da serra da Capelada– están representados polo Eixil, Montemeao, coto das Croas e o monte Burneira, máis coñecido en Cedeira polo coto de Pantín. Finalmente, a costa forma dous grandes entrantes, enseadas ou esteiros, ao final dos cales se atopan dúas grandes praias: a da Magdalena en Cedeira e a de Vilarrube, tamén chamada da Loira, en Valdoviño; no resto alternan os cantís con pequenas praias de area fina –ás veces inaccesibles por terra–, que quedan practicamente cubertas na preamar, como son, entre outras, as de Area Longa, As Sonreiras ou Mi Señora.

1.1. Listaxe de topónimos

Antes de seguirmos adiante, vexamos en primeiro lugar a listaxe das denominacións toponímicas aquí estudadas, que rexistramos, precedidas dos correspondentes números do mapa adxunto, na súa forma ou formas ortográficas seguidas da transcripción ou transcripcións fonéticas correspondentes. Son os seguintes:

1. *Cedeira* ou *A Vila* [θe'ðe̞i̞ra] [a 'βila]
2. *A Ribeira* [a ri'βe̞i̞ra]
3. *A Marieta* [a ma'ɾjeta]
4. *Condomiñas (río)* [kõ̞ndo'mi̞nas]
5. *O Malecón* [o male'kõ̞]
6. *A Ponte Vella* [a 'põ̞nte βe̞] 'a]
7. *A Ponte Nova* [a 'põ̞nte 'nõ̞βa]
8. *Plaza do Peixe* ['plaθa ðo 'pe̞i̞le]
9. *Pena das Saiñas* ['pena ðas sa'i̞nas]
10. *Herbosa* [eɾ'βosa]
11. *Pena Zambulleira* ['pena θãmbu'ʒe̞i̞ra]
12. *O Palomar* [o palo'mar]
13. *Baixas do Obispo* ['baj̞i̞az ðo o'βispo]
14. *Pericoto Grande* [peri'koto 'xhɾã̞de]
15. *A Toquera* [a to'keɾa]
16. *A Zaqueira* [a θã̞'ke̞i̞ra]
17. *A Lonja Vella* [a 'lõ̞xha 'βe̞ja]
18. *O Varadeiro* [o βara'ðe̞i̞ro]
19. *O Tiro* [o 'tiɾo]
20. *Area Longa* [a'rea 'lõ̞xha]
21. *A Costá* [a kõ̞s'tá]
22. *A Lonja* [a 'lõ̞xha]
23. *O Muelle* [o 'mwɛ̞je], *O Peirao* [o pe̞i̞rao]
24. *A Punta do Muelle* ou *Espigón* [a 'pũ̞nta ðo'mwɛ̞je] [espi'xhõ̞]
25. *A Punta do Castillo* [a 'pũ̞nta ðo kaʃ'ti̞jo]
26. *O Castillo* [o kaʃ'ti̞jo], *O Castillo da Concepción* [o kaʃ'ti̞jo ða kõ̞̞θe'θjõ̞]
27. *Baixa da Punta do Castillo* ['baj̞i̞a ða'pũ̞nta ðo kaʃ'ti̞jo]
28. *A Cetaria* [a θe'tarja]
29. *Plaia das Sonreiras* ['plaja ðas sõ̞'reiras]

- 30 *A Bateria* [a βate'ria]
31. *As Tres Hermanas* [aʃ 'trés-er'mānas]
32. *Punta do Sarridal* ou *da Bateria* ['pũnta do sari'dal] [ða βate'ria]
33. *A Coitelada* [a kojte'laða]
34. *Allada do Campo do Castro* [aʃjaða do 'kãmpo do 'kaʃtro]
35. *Campo do Castro* ['kãmpo do 'kaʃtro]
36. *Punta Falcoeira* ['pũnta falko'ejra]
37. *San Antonio do Corveiro* [sãñ-ãn'tonjo do kur'βejiro]
38. *A Traidora* [a traji'dora]
39. *Allada da Condesa* [aʃjaða ða kɔn'desa]
40. *Punta Folgoso* ['pũnta ful'xhoso]
41. *Carreiro das Blancas* [ka'rejiro ðaz 'βlãñkas]
42. *As Blancas* [az 'βlãñkas]
43. *Allada de Tolido* [aʃjaða ðe to'liðo]
44. *Cuncagada* [kũñka'xhaða]
45. *Dentes da Cuncagada* ['dẽntez ða kũñka'xhaða]
46. *A Escaleiroá* [a eskalejiro'a]
47. *Punta de Monte Gordo* ['pũnta ðe 'mõnte 'xhorðo]
48. *O Fraile* [o 'fraile]
49. *Eixil (monte)* [eji'jil]
50. *Furado dos Pollos* [fu'raðo ðs 'pojos]
51. *O Ensebadoiro* [o ẽnseβa'dojiro]
52. *Punta da Meda* ['pũnta ða 'meða]
53. *Dentes da Meda* ['dẽntez ða 'meða]
54. *Furado da Barca* [fu'raðo ða 'βarka]
55. *O Gaviotal* [o xhaiβo'tal]
56. *O Calexón de Bernardino* [o kale'ʃon de βernar'dino]
57. *Allada da Ardilosa* [aʃjaða ða arði'losa]
58. *Punta Ardilosa* ['pũnta arði'losa]
59. *O Cai* [o 'kai]

60. *O Regueiro (de Piñeiro)* [o re'xheiro de pi'ñeiro]
61. *Piñeiro* [pi'ñeiro]
62. *Os Marouzos* [oz marou'θos]
63. *Plaia da Magdalena* ['plaja da maða'lena]
64. *A Volta* [a 'βolta]
65. *Regueiro do Medio da Plaia* [re'xheiro do 'meðjo da 'plaja]
66. *Regueiro do Espiño* [re'xheiro do es'piño]
67. *O Espiño* [o es'piño]
68. *Plaia de San Sidro ou Isidro* ['plaja de san 'siðro] [i'siðro]
69. *San Isidro* [saŋ-i 'siðro]
70. *A Zaqueira* [a θaŋ'keira]
71. *Santallamar* [saŋ'taʎa'mar]
72. *Allada das Cascas* [a'ʎaða das 'kaskas]
73. *Pericoto da Robaleira* [peri'koto da roβa'leira]
74. *Monte das Croas* ['mõnte das 'kroas]
75. *Plaia do Merlo* ['plaja do 'merlo]
76. *Baixa do Merlo* ['βaija do 'merlo]
77. *O Cachamarín* [o kaʧama'riŋ]
78. *O Forno* [o 'forno]
79. *Plaia de Mi Señora* ['plaja de mi se'ñoɾa]
80. *Punta de Martín Cas* ['pũnta de mar'tiŋ 'kas]
81. *Allada de Martín Cas* [a'ʎaða de mar'tiŋ 'kas]
82. *Punta de Promontoiro, da Robaleira ou Punta do Faro* ['pũnta de
promõn'toiro] [ða roβa'leira] [do 'faro]
83. *Baixa Cuberta do Faro* ['βaija ku'βerta do 'faro]
84. *O Faro da Robaleira* [o 'faro da roβa'leira]
85. *A Escorrentada* [a eskoreŋ'taða]
86. *Baixa do Refís* ['βaija do re'fis]
87. *O Refís* [o re'fis]
88. *Punta do Refís* ['pũnta do re'fis]

89. *Plaia de Xiao* ou *de las Burbujas* [ˈplaja ðe ʃiˈao] [ðe laz burˈβuxas]
90. *Esteiro* [eʃˈte̞iɾo]
91. *Río de Esteiro* (ou *Gumil*, segundo o Servicio Geográfico del Ejército)
[ˈrio ðe eʃˈte̞iɾo]
92. *Redemuños* ou *Río de Muños* [reðemũˈɲos] [ˈrio ðe mũˈɲos]
93. *O Cubilote* [o kuβiˈlote]
94. *Campelo* [kamˈpelo]
95. *O Puntal* [o pũŋˈtal]
96. *Río das Mestas* [ˈrio ðaz ˈmeʃtas]
97. *Vilarrube* [bilaˈruβe]
98. *Plaia da Loira* ou *de Vilarrube* [ˈplaja ða ˈlo̞iɾa] [ðe bilaˈruβe]
99. *Río da Loira, da Ferrería* ou *das Forcadas* [ˈrio ða ˈlo̞iɾa] [ða fereˈria] [ðs
forˈkaðas]
100. *A Ferrería* [a fereˈria]
101. *A Loira* [a ˈlo̞iɾa]
102. *Pantín* [pãŋˈtĩŋ]
103. *Monte Burneira* ou *Coto de Pantín* [ˈmõŋte βurˈne̞iɾa] [ˈkoto ðe pãŋˈtĩŋ]
104. *Alfutil* [alfuˈnil]
105. *Pena da Vaca* [ˈpena ða ˈβaka]
106. *Pena Longa* [ˈpena ˈlõŋxa]
107. *Punta da Pena Longa* [ˈpũŋta ða ˈpena ˈlõŋxa]
108. *Allada da Pena Longa* [aˈʎaða ða ˈpena ˈlõŋxa]
109. *O Forno (de Pena Longa)* [o ˈforno ðe ˈpena ˈlõŋxa]
110. *Lance da Robaliza* [ˈlaŋθe ða roβaˈliθa]
111. *Allada do Cabalón* [aˈʎaða ðo kaβaˈlõŋ]
112. *O Cabalón* [o kaβaˈlõŋ]
113. *O Home* [o ˈome]
114. *As Pedras de Mediomar* [as ˈpeðraz ðe ˈmeðjo ˈmar]
115. *O Furado do Trigo* [o fuˈraðo ðo ˈtɾixho]
116. *O Chao da Langosteira* [o ˈʃao ða laŋxoʃˈte̞iɾa]
117. *Punta de Castrelo* [[ˈpũŋta ðe kaʃˈtrelo]

118. *O Biol* [o βi'ɔl]
119. *O Brual* [o βru'al]
120. *Carreiro do Golpe* ou *do Rapás* [ka'reiɾo ðo 'xhɔpe] [ðo ra'pas]
121. *A Chirlateira* [a ʃirla'teɪra]
122. *Peñón de Iañez* [pe'ɲon ðe ˈjaɲeθ]
123. *Punta Chirlateira* [ˈpũnta ʃirla'teɪra]
124. *Pedra da Plata* [ˈpeðɾa ða 'plata]
125. *O Sarnoso* [o sar'noso]
126. *O Meixón* [o meɪ'ʃon]
127. *O Punxallo* [o pũɲ'ʎalo]
128. *O Badexeiro* [o βaðe'ʃeɾo]
129. *O Petón* [o pe'ton]
130. *O Neto* [o 'neto]
131. *A Laxe* [a 'laɕe]
132. *A Serra da Laxe* [a 'seɾa ða 'laɕe]
133. *Ría de Cedeira* ['ɾia ðe ðe'deɪɾa]

1.2. Delimitación de topónimos

O primeiro problema con que nos temos que enfrontar ao emprendermos a análise das anteriores denominacións é o de determinar ata que punto moitas delas son verdadeiros nomes propios ou, polo contrario, se se trata de simples nomes comúns, seguidos ás veces do que realmente representaría o nome propio e, polo tanto, o topónimo propiamente dito. A cuestión é a seguinte: ata que punto, por exemplo, a expresión *a vila* ou *A Vila*, empregada xeralmente polos cedeirenses para se referiren a Cedeira, constitúe, como este último, un verdadeiro nome propio? Por que en denominacións como *Punta da Robaleira*, *Plaia da Magdalena* ou *Río da Loira* non pensar que nos achamos diante de conglomerados formados por un nome xenérico seguido dunha determinación, que en todo caso representaría o verdadeiro nome propio ou topónimo? A resposta na verdade non é tan doada, o que pon unha vez máis de manifesto a inexistencia dunha delimitación tallante –como acontece noutros ámbitos da linguaxe– dos nomes propios, nomeadamente se estes son topónimos.

Dende logo, sen entrarmos agora na problemática da distinción *nome común / nome propio*, cuestión de que se teñen ocupado amplamente lingüistas e filósofos


—por máis que non teñan chegado a ningún porto seguro—, convén sinalarmos que, trasladada a clasificación ao campo dos nomes xeográficos, cómpre distinguirmos entre *topónimos* e *corónimos*. Os primeiros son sempre nomes propios, isto é, que serven para identificaren unha realidade xeográfica, mentres que os segundos veñen representados por nomes comúns, tamén indicadores de lugar, tales como *cidade, vila, río, punta, cabo, illa, monte* etc., pero que teñen por obxecto clasificar as realidades xeográficas poñendo de manifesto algunha ou algunhas das súas características. Por iso, mentres os corónimos pertencen ao léxico estruturado, en que forman verdadeiros paradigmas ou redes estruturais, os topónimos constitúen nomenclaturas ou meras listas de nomes e, como membros dunha nomenclatura, non caracterizan a realidade xeográfica que designan —aínda que logo, etimoloxicamente, adoiten orixinárense nunha característica desa realidade— nin, por suposto, forman parte de ningún paradigma léxico. Todo o máis —como faremos logo aquí— poden ser clasificados de acordo cos corónimos que en certo modo os subxacen na súa función referencial; así, *Cedeira* respecto a *vila* ou *poboación*, *Condomiñas* en relación con *río*, *Martín Cas* en canto a *punta* ou *allada* etc.

Cómpre sinalarmos, porén, que non infrecuentemente os corónimos ou nomes xenéricos xorden á superficie cos propios topónimos, pasando —obrigatoriamente— a formaren parte da denominación dun lugar, como é, entre outros, o caso de *Río das Mestas*, pois a realidade designada é, efectivamente, algo que se clasifica ou caracteriza como *río*, isto é, co seu corónimo; pero tamén é verdade que semellante realidade xeográfica non se pode nomear simplemente con *Mestas*, *As Mestas* ou *Das Mestas*, e polo tanto a denominación completa estará constituída, como dicimos, por toda a expresión, co corónimo incluído. O problema, pois, estará en determinar os casos en que o corónimo forma parte, como no caso anterior, da denominación dun lugar e, por outra banda, se esa denominación se deberá interpretar como un verdadeiro topónimo. A isto hai que engadir que non é tampouco infrecuente que o nome dun lugar estea integrado unicamente por un corónimo, como acontece, por exemplo, con *O Regueiro*, empregado correntemente entre os veciños de Cedeira en vez da denominación completa *O Regueiro de Piñeiro*, circunstancia entón en que nos deberemos preguntar cando un corónimo deixa de ser corónimo para se converter en topónimo.

Dende logo a cousa parece clara cando se tratar de correntes de auga, cuxas denominacións inclúen necesariamente o correspondente corónimo, ou polo menos o artigo, que dalgunha maneira o sinala ou representa. Podemos, efectivamente, falar do *Río Condomiñas* ou de *O Condomiñas*, pero nunca poderemos nomear esta corrente de auga con simplemente *Condomiñas*. O mesmo ocorre cos nomes de montes, puntas, praias, baixas ou alladas: temos *Punta Chirlateira* —empregado neste caso mesmo sen artigo como se dun composto se tratar— ou *A Chirlateira*, pero non *Chirlateira* a secas, así como tampouco podemos dicir *Magdalena* para nos

referirmos á praia grande de Cedeira, senón *A Magdalena* ou *Plaia da Magdalena* etc. Notemos por certo que o emprego do artigo sen corónimo nestes casos non ten nada que ver co que aparece noutros topónimos como *O Puntal*, *A Costá*, *O Tiro*, *A Loira* ou *A Ribeira*, onde non apunta en absoluto ningún corónimo ou substantivo xenérico implícito, senón que representa máis ben unha subsistencia da súa función actualizadora en relación co nome común de que procede o topónimo. Teño que dicir de todas as maneiras que está aínda por facer un estudo a fondo sobre o emprego do artigo nos topónimos, cousa que resolvería dunha vez para sempre o problema de se este elemento gramatical forma ou non parte do topónimo e, polo tanto, poderíamos así decidir se o artigo dos topónimos é ou non traducible en textos escritos noutra lingua que non sexa o galego¹.

Todo o que acabamos de observar ten que ver co que poderíamos chamar delimitación sintagmática dos topónimos, que moitas veces non sabemos a ciencia certa onde realmente comezan; de aí por certo as serias dúbidas que podemos ter á hora de escribirmos *río das Forcadas* ou *Río das Forcadas*, *punta de Monte Gordo* ou *Punta de Monte Gordo*, *calle Ezequiel López* ou *Calle Ezequiel López*, *pedras de Mediomar* ou *Pedras de Mediomar*; etc. Unha solución probablemente axeitada podería consistir en opoñer *corónimo* a *denominación*, entendendo por tal toda expresión identificadora dun lugar, e considerando os topónimos como un tipo de denominacións: as historicamente fixadas. De acordo con isto, *ría de Cedeira* sería en realidade unha simple denominación, constituída por un nome común (corónimo) e un complemento especificador –o que explicaría a grafía de *ría* con minúscula–, fronte a *Río de Muíños*, con maiúscula, porque toda a expresión, empregada como denominación dun barrio de Esteiro, está fixada constituíndo un verdadeiro topónimo, que mesmo presenta a forma, xa amalgamada, *Redemuíños*. Así pois, teríamos:



Pero isto non resolve de todo o problema, pois que a fixación dunha denominación, ao presentar diferentes graos, pode non resultar tan evidente, sobre todo cando o

¹ Así, por exemplo, poderíase resolver a xa máis que manida discusión –que leva visos de se converter en eterna– acerca da lexitimidade lingüística (en política non me meto) do emprego de *La Coruña* en español, *La Corogne* en francés ou *The Corunna* en inglés.

nome implicado continúa a ser un corónimo –ou nome común en xeral– na lingua actual. Tal é, por exemplo, o caso, antes referido, de *a vila* ou *A Vila*, para designar Cedeira, a que poderíamos engadir *O Regueiro* ou *A Ribeira*, que sen dúbida –sobre todo o último– presentan unha maior fixación. Esta é, non obstante, clara cando o referente xa non coincide totalmente co tipo de realidade designada polo corónimo ou nome común, ou a realidade a que alude ten desaparecido do lugar; así, por exemplo, o caso, xa visto, de *Río de Muíños*, onde a palabra *río* xa non apunta unha corrente de auga, ou *O Tiro* e *A Marieta*, que traen reminiscencias de algo que xa non existe nos respectivos lugares. Mais as verdadeiras dificultades xorden á hora de interpretarmos como propios –ou sexa, como topónimos– nomes xenéricos que designan realidades existentes nuns determinados lugares, os cales pasan a se identificaren mediante eses mesmos nomes. É evidente que esta situación deu lugar a topónimos como *A Batería*, *O Espiño*, *Alfunil*, que nun principio deberon de aludir a realidades, actualmente desaparecidas, existentes no lugar; pero ata que punto hoxe senten os cedeirenses como topónimos as denominacións *A Lonja*, *O Muelle*, *O Malecón* ou *O Castillo*, que aquí escribimos con maiúscula, aínda que ben se podería facer con minúscula, posto que se poden tomar como denominacións de certas realidades –evidentemente únicas no entorno cedeirens–, sen teren chegado ao grao de fixación suficiente?²

Todas as circunstancias a que me veño de referir determinaron que, á hora de recoller o material toponímico, se adoptase un criterio amplo: en primeiro lugar, as denominacións –segundo fican expostas máis arriba– tómanse tal como foron proporcionadas polos informantes, incluíndo moitas veces –nomeadamente cando é obrigatorio– o corónimo correspondente, e, por outra banda, recóllense tamén como topónimos as denominacións de certas realidades únicas de Cedeira na medida en que poden funcionar á súa vez como identificadoras dun espazo: a prol de acadar a máxima exhaustividade, penso que sempre pagará máis a pena pecar por exceso que non por defecto.

1.3. Os corónimos

Antes de sometermos a unha clasificación semántica os topónimos arriba rexistrados, clasificación que cabe realizar sobre todo tomando como punto de partida o significado do corónimo neles subxacente, debemos, loxicamente, centrar a nosa atención en ditos corónimos ou substantivos xenéricos indicadores de lugar, que no caso que nos ocupa se reducen aos seguintes³:

² En adiante escribirei con maiúscula inicial todo tipo de denominación toponímica –aínda que a primeira palabra sexa un artigo ou nome común– cando a emprego metalingüísticamente, circunstancia que se indica en letra cursiva.

³ Rexistro tan só os empregados na ría de Cedeira, e na forma existente, aínda que sexa castelanismos.

1. Correntes de auga: *corriente, río, regueiro*.
2. Territorios: *concello, parroquia*.
3. Núcleos de poboación: *vila, lugar* ou *barrio*.
4. Accidentes xeográficos:
 - a) Elevacións do terreo: *monte, coto, pericoto, pena, pedra*.
 - b) Entrantes de mar: *ría, allada, furado, furna*.
 - c) Saíntes da costa: *punta*.
 - d) Conformación do solo: *plaia, baixo* ou *baixa*.
 - e) Forma do mar: *carreiro* ou *calexón, estreito*.
5. Outros: *plaza, calle, construción*.

Trátase, como se ve, dunha serie de paradigmas ou campos léxicos, aínda que de carácter parcial por non se daren, no ámbito xeográfico estudado, todas as posibilidades contempladas pola lingua; e así, por exemplo, no caso das correntes de auga, non aparece *regato* nin *cano, cal* ou *rego*; no dos territorios faltan *bisbarra, rexión, provincia, país* etc. No primeiro temos o arquilexema *corriente*, castelanismos que aquí presenta, por outro lado, un significado máis específico ao se referir máis ben ao movemento das augas do mar. Polo demais, os seus hipónimos, *río* e *regueiro*, opóñense entre si, como na lingua xeral, pola cantidade ou intensidade do caudal, meirande no río que no regueiro.

Por razóns obvias, non vou entrar aquí nunha análise polo miúdo de todas e cada unha das características semánticas que definen todos estes corónimos. Ocupareime tan só daqueles que presentan algunha particularidade na fala dos mariñeiros de Cedeira, como é o caso, por exemplo, de *allada, furado, baixa, carreiro* e *area*.

1) En primeiro lugar, unha *allada* constitúe un pequeno entrante de mar –alí onde a costa fai unha leve curvatura–, caracterizado por unha certa tranquilidade das augas e, xa que logo, onde os mariñeiros buscan acubillo nos casos de temporal. A palabra, que por certo non acho rexistrada nos dicionarios, vén a ser un sinónimo de *enseada* e é, ao meu ver, evolución do latín *ANGULATA, un derivado de ANGULUS ‘ángulo ou recuncho’. O resultado inicial debeu de ser **anllada*, cuxa nasal houbo de desaparecer por mor dunha etimoloxía popular que relacionaría esta palabra con *allada* (<*callo*), con que, evidentemente, nada ten que ver⁴. O arquismema ou hiperónimo é, probablemente, *golfo*, aínda que este, que non corresponde a ningunha das realidades nomeadas da ría de Cedeira, se emprega normalmente para entrantes de maior tamaño.

⁴ A palabra está relacionada sen dúbida con *Allós* e *Anllós*, formas toponímicas estudadas por Moralejo Lasso (1977: 243).

2) Curiosamente, falando de entrantes de mar, xa non pertence ao vocabulario activo dos mariñeiros de Cedeira a palabra *esteiro*, que se conserva, en troques, como topónimo, pois, como xa vimos, *Esteiro* é o nome dunha das parroquias que confinan coa ría debido, loxicamente, ao pequeno esteiro que na súa desembocadura forma o río *Gumil*, mellor chamado *Simil* ou *Río de Esteiro* ou, quizais, o meirande formado polo río das Mestas. Emprégase, non obstante, *furado*, que no léxico mariñeiro fai alusión a un moi pequeno entrante de mar, especie de túnel que se forma de modo natural nas rochas do acantilado e que, cando é escura e ancha, se chama *cova*; se é estreita, *furna*, e *curriñó* (quizais por **curviñó(n)* <lat. CURVILINEU + ONE, influído por *curruncho*), cando ten un interior de forma curva ou en espiral.

3) Referíndonos agora aos entrantes de terra no mar, na ría de Cedeira non existe ningún que mereza o nome de *cabo*, empregado –correspondentemente con *golfo*– para entrantes de gran tamaño, como é o caso de *Cabo Ortegá* ou de *Cabo Prior*. Por iso no campo semántico correspondente tan só achamos aquí o corónimo *punta*, como indicador, xa que logo, dun pequeno entrante, como é o caso, por exemplo, de *Punta Robaleira*, tamén chamada, curiosamente, *Punta (de) Promontoiro*, pois que á palabra *promontoiro* ou *promontorio* tenlle ocorrido o mesmo que a *esteiro*: desapareceu do vocabulario activo dos falantes como corónimo indicador, como é sabido, dunha clase de punta ou entrante abrupto, converténdose así o topónimo nunha especie de expresión pleonástica.

4) No que atinxe ás elevacións do terreo, cabe distinguirmos entre as que se producen na terra –a elas corresponden *monte* e *coto*– e as que aparecen no mar, empregándose entón os corónimos *pericoto*, *pena* ou *pedra*. Aínda que a diferenza entre *monte* e *coto* reside no tamaño, menor no segundo caso, ambos os termos neutralízanse con frecuencia na fala cedeireNSE; de aí a equivalencia de *Monte Burneira* e *Coto de Pantín*, denominacións referidas á mesma realidade. Non está, por outro lado, moi clara a diferenza entre *pedra* e *pena*, cando se refiren, obviamente, a pequenas elevacións ou saíntes rochosos na superficie do mar. Coa palabra *pericoto* (da mesma orixe que o español *vericúeto* ‘lugar alto e crebado’) parece que se alude máis ben a unha pequena elevación rochosa, aínda que meirande que a simple pedra ou pena, de forma aguzada; pero tamén se emprega no sentido de ‘cumio’ non necesariamente no mar.

5) Como se sabe, un *baixo* ou *baixa* é unha elevación do fondo do mar, onde, polo tanto, hai pouco calado e poden nela encallar con facilidade as embarcacións. O correspondente corónimo, por se referir en certo modo a unha conformación do terreo –neste caso do fondo do mar–, podémolo opoñer a *praia* ou, como se di en Cedeira, por posible castellanización, *plaia*, que, como é sabido, indica un terreo relativamente chan e areoso da beira do mar e que queda cuberto en maior ou menor medida polas augas na preamar. Antigamente existía tamén a palabra *area* co significado de ‘areal ou praia’, do que por certo queda unha clara pegada no topónimo *Area Longa*, designación dunha das praias de Cedeira.

6) Finalmente, débese advertir que a palabra *carreiro*, para os homes de mar, non ten o mesmo significado que lle damos en terra, isto é, 'camiño estreito para andalo a pé', senón que se refire a un pequeno estreito ou paso entre penas ou illotes na superficie do mar. O mesmo acontece con *calexón*, que vén a significar o mesmo. Trátase en ambos os casos de hipónimos de *estreito*, corónimo que, obviamente, non aparece empregado nas denominacións de lugares na ría de Cedeira.

1.4. Clasificación dos topónimos

Estudados, pois, os corónimos, podemos proceder xa a unha clasificación dos topónimos, segundo o seu corónimo subxacente ou, o que vén a ser o mesmo, o tipo de realidade designada. En xeral, distinguimos na ría de Cedeira catro tipos de topónimos: os *hidrónimos* ou nomes de correntes de auga, *orónimos* ou nomes de montes e elevacións terrestres, *topónimos* propiamente ditos, referentes a poboacións ou lugares en que se sitúa unha cousa, e, finalmente, os *talasónimos*, isto é, nomes referentes a realidades que forman parte do mar ou se atopan nel. Velaquí, pois, a clasificación:

1. Hidrónimos:
 - a) Ríos: *Río Condomiñas* ou *das Sañas*, *Río das Mestas* (na cartografía aparece tamén como *Río de Porto de Cabo* e, como sinalarei máis adiante, probablemente na antigüidade se chamou *Río Cabo* ou *Cavo*⁵), e, finalmente, *Río da Loira*, *da Ferrería* ou *das Forcadas*.
 - b) Regueiros: *O Regueiro* ou *Regueiro de Piñeiro*, *Regueiro do Medio da Plaia*, *Regueiro do Espiño* e o chamado *Río Gumil*, *Simil* ou *de Esteiro*.
2. Orónimos: *Monte das Croas*, *Monte Burneira* ou *Coto de Pantín*, *Montemeao*, *Monte Eixil*, *Monte Gordo*.
3. Topónimos propiamente ditos:
 - a) Concellos: *Cedeira*, *Valdoviño*.
 - b) Parroquias: *Cedeira*, *Piñeiro*, *Esteiro*, *Vilarrube*, *Pantín*.
Vilas: *Cedeira* ou *A Vila*.
 - c) Lugares ou barrios habitados: *A Ribeira*, *San Isidro*, *Santallamar*, *Río de Muños* ou *Redemuños*, *Campelo*, *O Barral*, *O Cubilote*, *O Puntal*, *A Loira*.
 - d) Lugares non habitados: *Campo do Castro*.
 - e) Lugares urbanos: *A Marieta*, *Plaza do Peixe*.

⁵ Non hai que confundir esta denominación coa de *Río Cobo*, que aparece nun plano do século XVIII –de Hermosilla– con referencia ao río da Loira. Non temos por certo ningún outro testemuño de que este río, o da Loira, se chamase tamén así, circunstancia que se explicaría pola existencia, preto do río, do lugar de Cobo, na parroquia de Pantín.

- f) Lugares caracterizados por unha construción: *O Malecón, A Ponte Nova, A Ponte Vella, O Palomar, A Lonja Vella, O Varadoiro* ou *Varadeiro, A Lonja, O Muelle* ou *O Peirao*⁶, *Punta do Muelle* ou *Espigón, O Castillo (da Concepción), A Cetárea* (só quedan unhas ruínas neste lugar dunha antiga cetaria), *A Batería, San Antonio de Corveiro, O Faro da Robaleira, Alfúmil.*

4. Talasónimos:

- a) Penas, pedras e pericotos: *Pena das Saiñas, Herbosa, Pena Zambulleira, Pericoto Grande, O Tiro, As Tres Hemanas, A Coitelada, As Blancas, Cuncagada, Dentes da Cuncagada, Dentes da Meda, O Gaviotal, O Cai, Pericoto da Robaleira, Pena da Vaca, Pena Longa, O Cabalón, O Home, As Pedras de Mediomar, A Chirlateira, Pedra da Plata.*
- b) Puntas: *Punta do Sarridal* ou *da Batería, Punta Falcoeira, Punta Folgoso, Punta da Meda, Punta Ardilosa, Punta de Martín Cas, Punta de Promontoiro (da Robaleira ou do Faro)*⁷, *A Punta do Refís, Punta da Pena Longa, Lance da Robaliza, Punta do Castrelo, O Brual, Punta Chirlateira.*
- c) Rías: *Ría de Cedeira.*
- d) Alladas: *Allada do Campo do Castro, Allada da Condesa, Allada de Tolido, Allada da Ardilosa, Allada das Cascas, Allada de Martín Cas, O Cubilote, Allada da Pena Longa, Allada do Cabalón.*
- e) Baixas: *Baixas do Obispo, A Toquera, A Zanqueira, Baixa da Punta do Castillo, A Traidora, Baixa do Merlo, O Cachamarín, Baixa Cuberta do Faro, Baixa do Refís, O Cabalón, O Sarnoso, O Meixón, O Punxallo, O Badexeiro, O Petón, O Neto, A Laxe, A Serra da Laxe.*
- f) Praias: *Area Longa, Plaia das Sonreiras, Plaia da Magdalena* (nesta hai que situar *A Volta*, que indica a curva que fai a praia, *Os Marouzós*, ou conxunto de dunas que rodean a praia, *Plaia de S. Sidro*, a parte correspondente a este barrio, e *O Espiño*, onde remata o areal, visto dende *A Vila*), *Plaia do Merlo, Plaia de Mi Señora, Plaia de Xiao (das Cerdeiras ou de las Burbujas)*⁸, *Plaia da Loira* ou *de Vilarrube.*
- g) Carreiros e calexóns: *Carreiro das Blancas, O Calexón de Bernardino, Carreiro do Golpe* (ou *do Rapás*)⁹.

⁶ Úsase moito máis o castelánismo *muelle*.

⁷ Os mariñeiros parece que prefiren a primeira e a última denominación, mentres que a xente de terra emprega preferiblemente a segunda. En realidade *A Robaleira* parece ser nun principio a zona da costa arredor da punta e o faro.

⁸ En realidade a denominación castelá *Playa de las Burbujas* (debido ás gurgullas que alí se forman a medida que a marea vai cubrindo a area, moi fina e branda) é recente e suponse que foi inventada polos veraneantes, descoñecedores do seu nome tradicional, que, naturalmente, é o empregado polos mariñeiros.

⁹ As palabras *golpe* e *raposo* son tabús entre os mariñeiros; de aí a denominación alternativa *Carreiro do Rapás*, que representa un claro eufemismo.

- h) Paredes ou rochas do acantilado: *A Escaleiroá, O Fraile, O Ensebadoiro, O Forno, O Forno da Pena Longa*.
- i) Furados e recunchos: *Furado dos Pollos, Furado da Barca, O Furado do Trigo, O Biol*.
- l) Zona Litoral: *A Costá, O Refís, O Chao da Langosteira*.
- m) Correntes mariñas: *A Escorrentada*, que é a que se forma á altura da Punta da Robaleira, onde se xuntan as correntes provenientes do Rfo de Esteiro e mais do Condomiñas.

1.5. Análise morfolóxica

Pasando agora a analizarmos os aspectos morfolóxicos de todo este conxunto toponímico, o primeiro que salta á vista é que nos atopamos diante de dous tipos ben diferenciados de denominacións toponímicas: unhas –as menos– de carácter *simple*, constituídas por un único vocábulo, tales como *Cedeira, Piñeiro, Pantín* ou *Alfunil*, fronte á inmensa maioría, que son de carácter *composto* ou *complexo*, quere dicir, constituídas por todo un sintagma nominal ou conxunto indeterminado de palabras. Son precisamente aos distintos tipos de estruturas complexas ás que aquí vou prestar atención.


Dende logo a estrutura máis sinxela é a constituída por dúas palabras, xeralmente o artigo seguido dun substantivo ou adxectivo substantivado, ou tamén por un substantivo e un adxectivo. Así, temos:

1. Art. + N: *O Tiro, A Costá, As Blancas, O Fraile, A Zaqueira, A Escorrentada, O Cabalón, O Biol*, etc. O artigo pode ir acompañado doutro determinante, un numeral, por exemplo: *As Tres Hermanas*.
2. N + Adx.: *Pena Zambulleira, Pericoto Grande, Area Longa, Punta Falcoeira, Monte Gordo, Punta Chirlateira*. Como pode verse, o N está representado aquí por un corónimo ou nome xenérico de lugar, cousa que por certo demostra ben ás claras que este, segundo xa queda dito máis atrás, forma realmente parte do topónimo, que, loxicamente, non podería quedar reducido a un mero adxectivo, agás, naturalmente, que este fora previamente substantivado.

No caso de *Area Longa*, o grao de cohesión entre os dous elementos é tan grande que mesmo se podería escribir todo xunto, como se dunha soa palabra se tratase, solución por certo adoptada noutros casos para este mesmo topónimo, que se atopa noutras partes de Galicia. Cómpre sinalarmos, por outra banda, que en *Punta Falcoeira* e *Punta Chirlateira* nos podemos achar diante de dous casos de aposición, pois pode que os adxectivos non concorden –contra o que parece– directamente con *punta*, senón que sexan o resultado dunha substantivación anterior, de maneira que os sintagmas en cuestión serían resultado máis ben destoutros: *Punta da Falcoeira* e *Punta da Chirlateira*. Ao menos neste último caso, penso que ese debeu de ser o camiño.

De todas as maneiras, a estrutura máis frecuente, como é doado comprobar, vén representada pola constituída por dous nomes unidos coa preposición *de*, a cal pode indicar dende unha simple aposición, como en *Punta de Promontoiro* ata –o máis frecuente– unha relación de pertenza: *Ría de Cedeira* ou *Río de Esteiro*. No primeiro caso a preposición é eliminable e no segundo non; de aí que se poida dicir tamén *Punta Promontoiro*, pero non, por exemplo, **Ría Cedeira* ou **Río Esteiro*, porque tanto *Cedeira* como *Esteiro* non funcionan aquí como denominacións da ría e do río, senón dos lugares a que estes pertencen. Pero notemos que esta estrutura presenta á súa vez varias posibilidades:

3. N + *de* + N: corresponde aos casos que acabo de sinalar. O N inicial está representado normalmente por un corónimo, mentres que o segundo –de carácter específico– pode ser á súa vez un nome propio, xeralmente un topónimo. Pode estar representado, non obstante, por un antropónimo (*Allada de Martín Cas*, *Plaia de Mi Señora*, *Plaia de Xiao*). Podemos, porén, ter estoura estrutura:
4. N + *de* + art. + N: neste caso o segundo N é un nome común de cousa, animal ou persoa con artigo. Así, *Baixas do Obispo*, *allada da Condessa*, *plaia do Merlo*, *Pena da Vaca*, *Furado dos Pollos*, *Punta da Meda*, *Furado da Barca*. Tamén estoura:
5. Art. + N + *de* + (art.) + N: *O Calexón de Bernardino*, *O Furado do Trigo*, *A Allada do Tolido*, *O Chao da Langosteira*, etc. O segundo N pode mesmo descompoñerse á súa vez en toda unha estrutura sintagmática equivalente a calquera das xa estudadas, como é o caso, por exemplo, de *Allada da Punta do Castillo*, que responde á estrutura [Allada [de [A [Punta [de [O [Castillo]]]]]]]] ou expresada nunha representación arbórea:



Isto é, trátase dunha estrutura con ramificación á dereita.

1.6. Consideracións semánticas e sociolingüísticas

Despois da análise morfolóxica que vimos de efectuar, cómpre agora facermos algunhas reflexións dende os puntos de vista semántico e sociolingüístico, aspectos que por certo non se adoitan ter en conta nos estudos sobre toponimia. Evidentemente, cando falo do aspecto semántico, non me estou a referir ao significado etimolóxico dos topónimos, aspecto que desenvolverei na segunda parte deste traballo, senón ao seu contido referencial ou designativo –a súa conexión coas realidades que representan–, pois, sincronicamente considerado, un nome propio en xeral e un topónimo en particular carece de significado propiamente dito, segundo xa queda sinalado. E en canto aos aspectos sociolingüísticos, convén termos presente que, cando un lugar recibe varios nomes ou variantes dun mesmo nome, ocorre con certa frecuencia que ditos nomes ou variantes non se usan indiferentemente, senón que se reparten entre os diferentes estratos socio-culturais dos falantes ou responden a situacións de fala diferentes¹⁰.

Con independencia de que un mesmo topónimo sexa *polivalente*, isto é, que poida designar lugares diversos –ás veces moi arredados xeograficamente entre si–, como de feito ocorre no grupo de topónimos que estamos estudando, por exemplo con *Piñeiro*, *Esteiro* ou *A Ribeira*, pois hai moitos lugares así chamados en Galicia, a realidade é que nun mesmo espazo un nome de lugar pode ser *plurívoco* ou *multirreferencial* no sentido de que non serve para designar unha soa extensión espacial, senón incluso –como se dunha moneca rusa se tratar– outra máis ampla da que a primeira forma parte. Non outra cousa acontece con *Cedeira*, que por un lado é a vila, por outra a parroquia de Sta. María do Mar e aínda por outra o concello. O topónimo, xa que logo, posúe tres sentidos referenciais distintos, cousa que fai posible que se considere de Cedeira tanto un veciño do barrio de Crónicas como alguén que vive en S. Román, a uns cantos quilómetros da vila¹¹. Dentro de Cedeira, eu aínda recordo cando –non hai tantos anos– os veciños da parte antiga tiñan a teima de non aceptaren como cedeirenses os que vivían no barrio da Area, á outra banda do río, que aínda hoxe forma parte da parroquia de Piñeiro.

No grupo de topónimos aquí considerados temos un claro caso de polivalencia en *A Zaqueira* (16 e 70 do mapa adxunto) e mais *O Forno* (78 e 109), que serven

¹⁰ Un caso moi claro témolo no topónimo *Ferrol*, que, ademais das variantes morfolóxicas *O Ferrol* xunto coas castelanzadas *El Ferrol* e mesmo *El Ferrol del Caudillo*, presenta as variantes fónicas [fe'rol] e [fe'ról]. Destas dúas, empregadas polos ferroláns, a segunda séntese como máis sofisticada, sobre todo na fala de mulleres. Pola súa parte, *El Ferrol* é a forma empregada habitualmente por xente non galega e non vinculada á cidade, e, naturalmente, *El Ferrol del Caudillo* segue a ser a preferida polos nostáxicos do réxime franquista.

¹¹ Isto último adoita ocorrer con certa frecuencia debido –penso– a que os veciños de S. Román de Montoxo teñen certo complexo co nome da súa parroquia, que prefiren chamar *S. Román* ou *S. Román de Cedeira*. Velaquí outra nota “sociotopónmica” interesante.

cada un para designaren dous lugares diferentes da costa. Por razóns lóxicas, é esta unha situación moi pouco frecuente nun relativamente pequeno espazo xeográfico como o da ría de Cedeira. Por outra banda, fóra do caso de *Cedeira*, non atopamos propiamente ningún outro de multirreferencialidade nos topónimos que estamos estudando. Só en determinados contextos, como, por exemplo, *A Ardilosa* ou *O Refís*, que, por abreviación, tanto poden designar a punta como a allada no primeiro caso, ou a baixa, a punta e a zona de mar nas que estas se atopan, no segundo, poderíamos falar de semellante fenómeno.

En todo o caso, o que si convén sinalarmos é que, a partir dun mesmo topónimo, se poden constituír diversas denominacións, referentes a aspectos ou partes do lugar ou zona nomeada; así, tal ocorre, por exemplo, con *A Cuncagada* e *Dentes da Cuncagada*, ou *As Blancas* e *Carreiro das Blancas* etc. Ás veces, aínda que se trate de lugares diferentes, non podemos esquecer a proximidade –e, polo tanto, a evidente relación física– entre os correspondentes referentes: pensemos, entre outros, no *Campo do Castro* e a *Allada do Campo do Castro*, a *Plaia do Merlo* e a *Allada do Merlo*, *Punta de Martín Cas* e *Allada de Martín Cas* etc. Repito que non se trata propiamente de topónimos multívocos, pero existe entre eles unha especie de recursividade denominativa digna de se poñer de relevo.

Quizais aquí o máis salientable dende o punto de vista semántico sexa o fenómeno da *correferencialidade*, isto é, o caso en que un mesmo lugar posúe varios nomes, circunstancia en que poden darse, segundo xa queda observado, diferenzas de tipo sociolingüístico ou mesmo pragmático.

Un deles, como xa sinalei antes, ten que ver coa denominación de *Cedeira*, que alterna coa do nome xenérico *a vila*, que non sei ata que punto non se ten xa convertido en nome propio e, polo tanto, deberíámolo escribir con maiúscula. Cómpre sinalarmos que esta segunda denominación emprégana tan só os veciños de Cedeira e de parroquias limítrofes con referencia, naturalmente, a toda a poboación; agora ben, dentro do casco urbano cedeirense, composto pola parte vella, na parroquia de Sta. María do Mar, e a parte nova –á outra banda do río, na parroquia de Piñeiro–, emprégase con exclusiva referencia á parte vella, de maneira que na Praza Roxa ou do Sagrado Corazón, que está na parte nova, un veciño pódelle dicir a outro se quere acompañalo á *vila*. Séntese de todos os xeitos como denominación familiar, reducíndose o seu emprego aos cedeirenses de toda a vida, isto é, aos alí nados e, por suposto, xa de certa idade.

Outro caso de correferencialidade témolo en *Punta Promontoiro*, *da Robaleira* ou *do Faro*, que –segundo apreciación miña– se usan indiferentemente, aínda que é probable, como xa queda dito (véxase nota 7), que a primeira e a última denominación sexan máis frecuentes entre os mariñeiros, en tanto que a segunda –seguramente a máis empregada– é a preferida pola xente de terra. Os mariñeiros,

polo visto, tamén prefiren *Plaia da Loira* e, así mesmo, *Río da Loira*, mentres que a xeneralidade da xente utiliza máis ben *Plaia de Vilarrube* e *Río da Ferrería* –por erro, como *Río Ferreira* consta no letreiro da estrada– ou tamén *Río das Forcadas*.

Falando de praias, dende hai poucos anos a denominación *Plaia de Xiao* (ou, tamén, *das Cerdeiras*), que é como se dixo sempre, está sendo substituída, entre o mundo veraneante, dende hai poucos anos pola castelán *Playa de las Burbujas* en atención, polo visto, ás moitas gurgullas que alí se forman cando sobe a marea.

O *Carreiro do Golpe* chámase tamén *Carreiro do Rapás*, denominación esta última que non é máis que un eufemismo para evitar, por superstición dos mariñeiros, o emprego do nome *golpe* ou *raposo*.

Outras veces a distinción é mais ben histórica, isto é, unha denominación máis nova convive –ás veces só nalgúns falantes– con outra antiga. É o que pasa con *Monte Burneira*, que é a tradicional e que non todo o mundo coñece, e *Coto de Pantín*, máis moderna e sen dúbida a preferida por tódolos cedeirenses. Tamén acontece coas denominación do río, chamado comunmente *Condomiñas* e, xa raramente, por algúns *das Saíñas*.

Quédanos, finalmente, falar dos casos de variabilidade consistente en distintas conformacións morfolóxicas do mesmo topónimo. Un caso claro témolo en *Río de Muños* xunto a *Redemuños*, forma esta última máis vulgar ou familiar que a primeira. Convén así mesmo citarmos o caso de *San Antonio de Corveiro*, pronunciado vulgarmente con *-u-* en lugar de *-o-* pechado, como corresponde á pronunciación máis culta.

2. Consideracións etimolóxicas

Pasando agora ao aspecto etimolóxico –o máis interesante sen dúbida no eido da toponimia–, o primeiro que cómpre sinalarmos é o, a primeira vista, alto grao de transparencia que na maioría dos casos presentan as denominacións toponímicas que estamos a estudar, circunstancia por certo que podería levarnos a pensar que, en xeral, nos atopamos diante de topónimos relativamente recentes. Notemos, no entanto, que a transparencia pode á súa vez ser un tanto relativa: unha expresión, por exemplo, como *Plaia de Mi Señora* é perfectamente intelixible e, polo tanto, transparente na lingua actual, pero descoñecemos (aínda que logo haxa, como veremos, unha tradición oral ou lenda que o explique) a razón obxectiva que levou a dedicar esta pequena praia á –é de supoñer– Virxe do Mar, patroa de Cedeira. Tampouco temos noticias históricas acerca de quen era e de cando viviu Martín Cas, personaxe descoñecido –probablemente famoso lobo de mar na súa época– ao

que se lle dedicou unha allada e unha punta da costa cedeirense. Ou sexa, unha cousa é a transparencia lingüística e outra moi distinta a histórica: a primeira ten que ver co chamado “principio de evidencia semántica” (todo topónimo significa algo nalgunha lingua), mentres que o segundo máis ben co “principio de motivación obxectiva” (hai sempre unha razón, histórica ou xeográfica, que vencella o nome co lugar), expostos non hai moitos anos por Coseriu (1999: 17). Como este non é un traballo histórico nin tan sequera xeográfico, senón filolóxico, o noso cometido haberase de limitar practicamente á determinación das posibles etimoloxías dos topónimos, á súa conseguinte estratificación lingüística no tempo e, finalmente, aos procesos semánticos e fonéticos que levaron ata os resultados actuais.


2.1. Topónimos máis antigos: o caso de Cedeira

Para comezarmos, poden sinalarse, da lista de denominacións toponímicas que teño recollido na ría de Cedeira, tres tipos correspondentes a outros tantos estratos lingüísticos e, ao mesmo tempo, cronolóxicos, que son os seguintes: a) *topónimos latinos*, isto é, que proveñen directamente dunha primitiva forma toponímica latina, e son, xa que logo, os máis antigos, fronte aos b) *topónimos latino-medievais*, isto é, formados tamén a partir dunha forma latina, pero xa en tempos medievais, cando os romances aínda non chegaran a unha verdadeira consolidación, e c) *denominacións* ou *topónimos romances*, os que proveñen dunha palabra galega ou mesmo castelá, correspondentes, polo tanto, a unha ampla época, a comprendida entre a baixa Idade Media e os nosos días.

Se non como o máis, ao menos como un dos máis antigos, entre os topónimos do estrato latino, atópase sen dúbida *Cedeira*, palabra que, como xa teño escrito noutras ocasións (Porto Dapena 1985: 525; 2006; 2007a), provén directamente do lat. CETĀRĪA, circunstancia por certo que nos fala a prol da moi posible orixe romana desta vila mariñeira. Se ben algunha vez se ten relacionado *Cedeira* co adxectivo galego *cedeiro*, -a, derivado de *cedo* e co significado de ‘temperá’ –o que suporía concederlle a este topónimo un carácter netamente galego no sentido que vimos de definir–, semellante apreciación pode resultar moi poética, pero non merece a máis mínima atención por carecer de todo fundamento científico: como veremos logo, xa no século IX aparece citado o nome desta localidade baixo a forma *Cetaria* e, polo tanto, a etimoloxía latina non ofrece a máis mínima dúbida, sendo por iso a aceptada sen excepción por todos cantos se teñen ocupado seriamente da cuestión¹², ben é verdade que esta non está exenta dalgúns problemas que imos ver de seguido:

¹² Así o recolle moi acertadamente a *EGU* no correspondente artigo **Cedeira**, e, así mesmo, o *DTG* (2002: s.v. **Cedeira**).

1) O primeiro que cómpre resolver é, por unha banda, se a forma etimolóxica CETÁRIA ha de identificarse –cousa, ó meu ver, incerta, segundo argumentarei– co neutro plural do latín clásico, que, o mesmo ca o feminino CETÁRIAE, significaba ‘estanques ou viveiros onde se crían peixes grandes’. É sabido por certo que de semellante forma provén o actual vocábulo *cetaria* (así como o castelán *cetaria* ou, tamén, *cetárea*¹³) cun significado moi semellante ao etimolóxico de ‘estanque comunicado co mar en que se crían e conservan langostas e outros crustáceos para o consumo’. Non fai falla, polo tanto, subliñar que, aínda no caso de que *Cedeira* se vinculase ao mesmo étimo, non ten que ver directamente con este *cetaria* moderno, cultismo de formación recente que debeu de entrar no galego a través do castelán, lingua na que, por certo, non se rexistra ata o século XIX, concretamente en 1853 no *DELE* de Gaspar y Roig, e a Academia Española non o recolle ata 1899, na 13ª ed. do seu *Diccionario*. Así pois, a situación, polo tanto, poderíase esquematizar deste xeito:



esquema que, como corrixiarei logo, tampouco cadra de todo coa realidade.


Por suposto, non tería ningún sentido vencellar directamente *Cedeira* co cultismo *cetaria*, que é extremadamente recente en comparanza con aquel, o cal constitúe unha forma tradicional sen, por outra banda, contrapartida no léxico xeral do galego nin, dende logo, no do castelán, onde teríamos daquela un **cedera* inexistente. Cabe sinalar, non obstante, que Rodríguez González no seu *DEGC* recolle a forma *cedeira* como nome común, que define en primeira acepción como “vivero de peces” e, en segunda, como “cetaria”, sen, por outro lado, rexistrar esta última palabra, da que, polo tanto, non aporta ningunha definición, dando así lugar ao que en lexicografía se chama “pista perdida”¹⁴. Pero eu polo menos non teño constancia de que tal forma,

¹³ En realidade *cetárea*, que rexistra por primeira vez a Academia Española en 1956, na 18ª ed. do *DRAE*, non é unha forma plenamente ortodoxa. Responde –penso– a unha ultracorrección como consecuencia da interpretación de *cetaria* como pronunciación incorrecta por paralelismo co que ocorre con **línea / línea, *aria / área, *violacia / violácea* etc. Penso que ten sucedido exactamente o mesmo que con *espurio*, que algúns falantes se empeñan en converteren nun inexistente **espúreo*.

¹⁴ Cómpre observarmos que o *DRAE* define o cultismo *cetaria* de distinta maneira nas edicións anteriores á de 1956 e a partir desta data: dende 1899 utiliza a definición “Estanque o vivero para la cría o conservación de peces y otros animales marinos”. E a partir de 1956 emprega estouta, moito máis axeitada: “Estanque en comunicación con el mar, donde se conservan vivos langostas y crustáceos destinados al consumo”. De aquí –penso eu– deberon de xurdir as dúas acepcións que Rodríguez González (1958-1961) atribúe a ese presumible sustantivo común *cedeira*.

aparentemente tradicional, se empregue ou empregase nalgures co significado do moderno cultismo¹⁵, o cal –como é lóxico– terá xurdido para responder no seu momento a unha realidade antes inexistente, circunstancia que ao meu ver demostra que o substantivo *cedeira* rexistrado por Rodríguez González non é máis que un hiperenxebriismo formado a partir de *cetaria*, que se sentiría como castelanismo.

2) Así pois, penso que *cedeira* –agás o caso citado por Santamarina (2003)– non existe nin existiu nunca como palabra do léxico galego e, polo tanto, ten que provir directamente dunha primitiva forma latina, que, por outra banda, tampouco podemos identificar coa *CETĀRĪA* ‘estanque de peixes’ do latín clásico, senón máis ben cunha forma homónima vulgar *CETĀRĪA*, feminino dun adxectivo *CETĀRĪUS*, -A, -UM, formado a partir de *CETUS* (<gr. Κητος) ‘balea ou peixe grande’ + *ARIUS*, e que viría a significar algo así como ‘propio ou relativo ás baleas ou grandes peixes’. E isto por unha razón moi sinxela: porque sería difícil imaxinar que quen fundou e bautizou a localidade arredor do porto cedeirense –aínda no caso de que fose romano– falase latín clásico e, ademais, porque os nomes galegos que conteñen o sufixo abundancial *-eiro*, *-a* proveñen, como é sabido, normalmente de adxectivos. No noso caso a existencia de semellante adxectivo confirmase ao aparecer rexistrado no *ALT*; trátase sen dúbida dunha formación do latín xa tardío, isto é, pertencente ao baixo Imperio, independente, polo tanto, do clásico *CETĀRĪA* ‘estanques de peixes’, froito sen dúbida de idéntica derivación, pero moito máis antiga. Así pois, isto lévanos a reformular o esquema anterior destoutro xeito:



En definitiva, é de supoñer que o nome da vila debeu nun principio ser un adxectivo aplicado a un nome xenérico –*villa* ou *terra*, por exemplo–, que é como semella aparecer por certo neste texto correspondente a un documento de 1111, publicado por Cal Pardo (1984: 235) no seu libro sobre o mosteiro de Pedroso:

¹⁵ O termo vólvese a recoller no *DLG* (s.v.), así como en *DG* (s.v.), sen indicar a fonte, que –é de supoñer– debeu de ser o mesmo *DEGC* de Rodríguez González. Consultado, non obstante, o *DD* de Santamarina (2003), unha forma *cedeira* aparece recollida e localizada en Aldosende de Paradela (Lugo) por Rivas Quintas, nun dicionario inédito, co significado de ‘vasija, especie de olla grande en que se va juntando la leche para batirla’, rexistro que, evidentemente, nada ten que ver co *cedeira* como ‘cetaria’ de que estamos a falar e que, por outra banda, non parece ter nada que ver co noso topónimo.

[...] in terra Cetaria, villam de Brexo, cum medio de Soutelo et hereditatem in Villa de Bentosa et suum villare de Freixito integrum et suos homines et suas hereditates quae ad eum pertinent.

Aínda que se podería pensar nunha omisión da preposición por erro do escriba ou da transcripción, observemos que non di “terra de Cetaria”, parelamente a “villam de Brexo” ou “villare de Freixito”, senón “terra Cetaria” nunha, polo menos aparente, concordancia adxectivo, circunstancia que por certo parece darse tamén no caso do *Torrecedeira*, que atopamos na provincia de Pontevedra, precisamente nunha parroquia de Redondela que leva tamén o nome de *Cedeira*, topónimo que, segundo o Nomenclátor da Xunta, volvemos por certo a atopar dúas veces máis, en Camariñas e Ponteceso.

En resumidas contas, o topónimo *Cedeira* fai alusión á presenza e mesmo abundancia de baleas ou peixes grandes na ría e, en xeral, no litoral costeiro, circunstancia hoxe en día ben lonxe da realidade, pero que casa perfectamente cunha longa tradición, da que se fai por certo eco o P. Sarmiento, a prol da existencia, aínda no século XVIII, da pesca de baleas na costa cedeirense e galega en xeral.

3) Non existen, dende logo, testemuños históricos que confirmen a miña hipótese de que o nome de *Cedeira* e a vila que representa teñan orixe romana. As primeiras noticias que temos da existencia da antiga *Cetaria* pertencen todas á Idade Media. Ao texto do século XII a que antes aludín pódense engadir outros, recollidos en *La colección diplomática de S. Martín de Jubia* (Montero Díaz 1935), onde o testemuño máis antigo pertence a un documento de 1101, no cal podemos ler:

Damus tibi illam iam supradictam et accepimus de uobis alias et sunt prenominate, portione mea in uilla de Carino et alia in sancto Juliano de Trebula, et alias in Cetaria, et in Narraone, que uenent de [com]paratione de Godestio Quintilaiz, et conuenent ad mihi, de parte de Gondisaluo Suariz ad mihi donauit pro animam suam.

O testemuño máis antigo pódese retrotraer, porén, a un documento, segundo o parecer de F. López Alsina (1982), do ano –e non da era– 868, recollido por López Ferreiro (1883: apénd., páx. 6) e que di así:

In Era DCCCLXVIII venit dnus. Tructinus per ordinationem dni. Adefonsi principis et consignavit dno. Adulfo episcopo ecclesias quecumque sunt proprie hyriensis Sedis, id est, In trasancos et lauazengos scm. Petrum iuxta fluuium naray. Ecclesiam in dorsu, sca. Maria in brion, scm. Saturninum iuxta fluuium iubia. Scm. Vincentium in cetaria et insula selima cum sua ecclesia. Sca. Maria de Carantra.

Por onde sabemos, por certo, que daquela –salvo erro do escriba– o patrón de Cedeira era S. Vicente e non, coma hoxe, a Virxe do Mar.

4) Pero o verdadeiro problema que agora se nos presenta é decidirmos cal debeu de ser realmente a forma orixinaria do noso topónimo, pois que do que non cabe dúbida é de que as graffías con que aparece citado nos documentos medievais non pretenden representar a pronunciación real ou realización fónica do momento. Convén, en efecto, termos presente que en tales documentos, escritos en latín, o que se fai é traducir a este idioma incluso os propios topónimos, restaurándoos na que, presumiblemente para o escriba ou notario, sería a súa forma etimolóxica ou polo menos latinizada¹⁶. Esta práctica é tan evidente que, así mesmo, cando o documento se escribía en castelán, tamén se efectuaba esa acomodación gráfica, de maneira que, no caso de *Cedeira*, esta vese convertida nun inexistente *Cedera* ou *Çedera*, como acontece, por exemplo, no seguinte texto de 1268 (Real Academia de la Historia (1861: 75):

Los ommes que han a tomar los fiadores enlos puertos sobre dichos son estos: en Sant Ander Bernalte dela Obra, Pero Roys de Ferrera [...]. Enla Corunna Arias Chicote, Alfonso Peres. En santa Marta Martin Piqueros e frey Miguell. En Çedera Pero Boçado e Pedro Mameló. En Ferrol Pero Peres, don Bermudo. En Bayona de Minor Juan Vidal e Martin Peres de Vançar. Enla Guarda Johan Alfonso .

Este proceder continuou en tempos máis modernos, segundo se desprende, entre outros, deste texto en Poza (2003: 6r):

Si quisieres entrar en Sancta Marta, toma dos tercios de marea, entrando, da arrún al cabo de estibor obra de un cable, que de la parte de ababor todo es seco; y tomarás por marca la baxa que está fuera de Varias descubiert por fuera de la isla que está fuera de la entrada de toda la tierra del Este, y assí, yrás dentro. Si quisieres entrar en Cedera, sabe que yaze la entrada Noroeste Sueste, en medio de la dicha abra al descubrir del anclazón ay una roca que de dos partes de marea es descubierta, y dexa la baxa de la vanda de estibor y ve junto a la tierra de la parte de ababor, y posa al través d la sablera en las quatro braças, cerrando el cabo de Noroeste con el de Nordeste.

Isto suposto, cabe preguntarnos se verdadeiramente algunha vez na súa historia a vila recibiu o nome de *Cetaria* tal como aparece rexistrada nos documentos medievais.

¹⁶ Isto explica, por certo, a alternancia de formas que se dan ás veces entre documentos da mesma época. E así máis abaixo reproduciremos un texto do século XII onde Cedeira aparece como *Cideira* e non *Cetaria* –e mesmo, por erro, *Cataria*– que vemos noutros.

Eu penso que si, aínda que nunca coa corresponde pronunciación do latín clásico. Dende logo no século IX, cando aparece escrita por primeira vez a forma *Cetaria*, esta polo menos xa non se pronunciaría con *k-* inicial, isto é, [ke'tarja], pois que este tería xa comezado a súa andaina de adiantamento cara á parte anterior da cavidade bucal. Polo menos atoparíase xa no primeiro ou segundo estadio desa evolución, polo que ese *c-* ortográfico representaría en realidade un son palatal, oclusivo primeiro e despois africado. Por outra banda, a chamada “lenición celta”, que se xeneralizou entre os séculos IX e XI, pero empezou a actuar moito tempo antes, deixaría sentir os seus efectos sobre o *-t-*, que en realidade sería xa un *-d-* oclusivo. Así pois, como mínimo o nome da nosa vila se pronunciaría [tʃe'darja] ou, quizais xa [tʃe'daíra] con metátese do *-i-* á sílaba anterior.

Pero aínda con anterioridade ao século XII o noso topónimo houbo de ser obxecto de tres cambios fonéticos máis: por unha banda, o *c-* inicial no seu proceso de adiantamento do lugar de articulación tería chegado aos dentes, pronunciándose como unha afrificada dental xorda; polo seu lado o *-d-* oclusivo afrouxaríase chegando á pronunciación fricativa actual, e, finalmente, o ditongo *-ai-* pasaría definitivamente a *-ei-*, resultando algo así como [tse'deíra]. Dous pasos máis se producirían aínda na consoante inicial: un entre os séculos XIV e XV, en que perdeu o momento inicial oclusivo, ficando nun simple *s* dental, cuxa conversión no actual interdental [θ] puido retrasarse, debido ao seseo que durante algún tempo debeu de imperar na zona, ata finais do século XVII ou principios do XVIII¹⁷, tempo en que, por fin, se consolidaría a actual pronunciación [θe'deíra] do noso topónimo.

Longo foi, xa que logo, o camiño que levou do primitivo *CETARIA* ao actual *Cedeira*, que por certo aínda puido ter dado un paso fonético máis, converténdose en *Cideira* por peche do *e* inicial baixo a influencia do *i* do ditongo. O paso en realidade chegou a darse de feito nalgún momento, pois xa no século XII se debía de estar librando a batalla entre o *e* e o *i*, como semella desprenderse deste texto collido dun documento de 1114 (Montero Díaz 1935: 72):

Hereditas meas de Eritales et de Canteiro; in terra de Cideira uillar de Filgosa.

Ao final –xa se sabe– acabou vencendo o *e* sen dúbida por sentirse como pronunciación máis culta, fronte á popular ou vulgar con *i*.

¹⁷ Non hai ningún estudo histórico sobre o seseo en Galicia, que hoxe se atopa practicamente reducido ás Rías Baixas. Pero non cabe dúbida de que se trata dun fenómeno en retroceso e, polo tanto, que noutros tempos tivo unha maior difusión, incluíndo sen dúbida *Cedeira*, onde aínda existe seseo final nalgunhas palabras como *des* por *dez*, *crus* por *cruz* ou *rapás* por *rapaz*.

2.2. Outros topónimos de orixe latina

Hai outros topónimos que, como *Cedeira*, semellan entroncar directamente co latín, isto é, que case que con toda seguridade son anteriores á conversión deste en galego, tendo en conta que non parece que teñan formado parte en ningún momento do léxico común do noso romance. Citemos os casos de *As Sonreiras*, *O Refís* e, probablemente tamén, de *A Loira*, *Burneira* e *A Escaleiroá*. Directamente do latín, aínda que nunha época relativamente tardía, na alta Idade Media, hai que tirar así mesmo *Vilarrube*, *Pantín* e *Eixil*, tres topónimos derivados de nomes de persoa, correspondentes a antigos propietarios, que estudarei no apartado 2.3.

1) O primeiro, isto é, *As Sonreiras*, é o nome dunha pequena praia de difícil acceso –practicamente só é posible chegar a ela por mar– que se atopa agachada no acantilado alén do actual peirao de Cedeira en dirección á boca da ría. Debido precisamente ao seu carácter deserto e illado, algúns queren ver neste nome unha deturpación dun hipotético **Deshonreiras*, palabra, inexistente en galego, que supoñen derivación do verbo *deshonrar*, en atención a que nese lugar arredado se tería levado a cabo en máis dunha ocasión a deshonra dalgunha que outra moza cedeirense. Pero, aínda que deste feito parece escusado dubidar, pois o lugar é dabondo axeitado para namorados e nudistas, a orixe do topónimo nada ten que ver, dende logo, con semellantes excesos amorosos. Tampouco, por outra banda, se relaciona con *sol*, cousa que se parece desprender dun plano do século XVIII, feito por Hermosilla, onde este topónimo se rexistra convertido en *Solreiras*, talvez por outra falsa etimoloxía popular que o relaciona con aquela palabra¹⁸.

A característica que sen dúbida deu nome a esta praia, sen deixar de amosar tamén un certo resaibo romántico, ten máis que ver se acaso co son ou o canto das vagas mariñas, que alí, mesmo en días de calma, se deixarán escoitar nunha agreste sinfonía, pois que practicamente nos atopamos xa en mar aberto. *Sonreira*, que por certo tampouco existe nin creo que teña existido en galego, penso que non pode ser máis ca o resultado dun hipotético vocábulo latino **SONORARIA* (<SONORUS + ARIUS), adxectivo derivado de *SONUS* ‘son’ co significado de ‘sonoro ou abondoso en sons ou rúidos’. A palabra debeu de aplicarse nun principio, na súa forma plural, ás rochas –ou quizais ás covas naturais– alí existentes, e por extensión, obviamente, converteuse en nome identificador da praia. A evolución fonética, como pode verse, sería completamente normal: *SONORARIA* > *sonraira* > *sonreira*; isto é, caída da vogal pretónica *o*, metátese do *i* á sílaba anterior, seguida finalmente polo paso do ditongo *ai* a *ei*.

¹⁸ De todas as maneiras, non parece que se dixera nunca *Solreiras*, pois que noutros mapas da época se rexistra como *Sonreiras*. Así pois, máis que dunha etimoloxía popular, hai que pensar nun simple erro do autor.

O feito de se poñer de manifesto nun topónimo unha característica acústica do lugar non é en absoluto ningunha novidade na toponimia tanto mariñeira como terrestre. Precisamente na propia ría de Cedeira temos o caso de *O Brual* –relacionado con *brúo* ‘ruído ou bramido’ e *bruar* ‘facer ruído ou bramar’–, nome, como xa vimos, correspondente a unha punta, precisamente na outra banda da ría, fronte ás Sonreiras, e así mesmo co aspecto sonoro do mar teñen que ver *A Chirlateira* e mesmo *O Sarridal*, como veremos máis adiante. Por se isto for pouco, non lonxe do mar de Cedeira temos tamén *A Frouseira* (probablemente do lat. *FRAGOSARIA<FRAGOR ‘ruído’), xa na costa valdoviñesa; preto da ría de Viveiro temos a *Punta Roncadoira*, derivado, como *O Roncudo* da Costa da Morte, de *roncar*. E no interior temos, por exemplo, as serras da *Faladoira* (<*falar*) e a *Gañidoira* (<*gañir* ‘berrar os animais’).

2) Polo que se refire a *O Refís*, nome da zona da ría onde acaba de entregar as súas augas ao mar –despois de atravesar por unha canle unha pequena marisma asolagada na preamar– o río das Mestas, e que á súa vez serve para identificar unha pequena punta ou saínte alí existente, provén sen dúbida do latín RIUI FINIS, isto é, ‘fin do río’. Aínda que o topónimo non é exclusivo da ría de Cedeira, pois atopámolo tamén na do Barqueiro –neste caso na desembocadura do río Sor– e aparece en *Refís da Con* na ría de Muros e Noia, trátase dunha palabra que non se recolle, por suposto, en ningún dicionario galego nin, por outra banda, se rexistra en ningún documento antigo, cousa que nos fai pensar, xa que logo, nun entroncamento directo no latín.

3) Máis problemática se nos presenta a etimoloxía de *A Loira*, nome que, por unha parte, serve para identificar unha praia –a meirande da ría–, tamén denominada, como xa vimos, *Plaiá de Vilarrube*; pero, por outra banda, designa un pequeno lugar habitado –ao pé da costa e moi preto da praia– da parroquia de Pantín, así como o río que alí desemboca, coñecido á súa vez tamén, segundo xa temos observado, polos nomes de *Río da Ferrería* e *Río das Forcadas*. Como *Río Cobo* aparece tamén rexistrado, segundo vimos, nun plano de Hermosilla, do século XVIII.

Evidentemente, *loira* é unha palabra existente en galego, pois que corresponde á forma feminina do adxectivo *loiro* ‘de cor dourada e mesmo avermellada’. Isto suposto, a explicación pode resultar evidente: o nome faría alusión á cor da praia, de area fina e de brillante cor amarela e, polo tanto, podería ter xurdido dun *Praia ou Area Loira*, por perda do corónimo ou nome xenérico. Así pois, *A Loira* tería sido nun principio a praia, da que despois tomarían á súa vez ese nome tanto o núcleo poboacional próximo como o río que alí desemboca. Mais a cousa complícase, cando, a escasos quilómetros, río arriba, atopamos a parroquia de S. Pedro de *Loira* –en que ademais existe un lugar chamado *Loira Vella*– e aínda máis no interior, en Labacengos, aparece outro lugar chamado do mesmo xeito¹⁹. E nestes casos,

¹⁹ Este topónimo, por outra banda, tamén o recolle Rivas Quintas (1982) na toponimia de Marín.

obviamente, a explicación non semella axeitada, pois nada hai neles que destaque precisamente pola súa cor amarela ou avermellada. En todo caso, a única posibilidade –non moi convincente, dende logo– consistiría, se cadra, en relacionar o topónimo coas frecuentes plantacións de trigo e outros cereais que neses lugares destacarían nos meses de verán pola súa característica cor dourada.

Pero o máis probable –penso– é que *Loira* non teña nada que ver co adxectivo do galego actual e, polo tanto, non faga para nada alusión á cor da area da praia. Notemos que, de ser isto último certo, o esperable sería máis ben *Plaia Loira* e non, como realmente se di, *Plaia da Loira*, denominación que, xa que logo, parece falarnos máis ben a prol de que foi esta a que recibiu o nome do lugar da *Loira*, antigamente pertencente á xurisdición espiritual do priorato de Régoa –á outra banda da ría– e hoxe á parroquia de Pantín. En disconformidade coa etimoloxía prerromana que Rivas Quintas (1982) propón para este topónimo, ao facelo derivar dunha raíz *LAUR- ‘rocha ou pedra’, na miña opinión, o topónimo *Loira* constitúe en todos os casos un fitotopónimo, pois procede, máis sinxelamente, do latín LAURA, feminización –só morfolóxica– do substantivo, tamén feminino, LAURUS ‘loureiro’, en atención a que este se sentiría como masculino²⁰. Nesa forma latina feminizada e aludindo ao lugar de Loira Vella, aparece na seguinte pasaxe dun documento do século XII:

[...] et quomodo uadit a lagona de super Brion, et quomodo descendit usque in Caulalaria, et uilar que uocitant Palacios iusta ecclesie sancti Petri de Loura, quomodo se determinat per Doneli et de inde per Crecente, et inde alia uilla que uocitant Laura Vetera (Montero Díaz 1935).

Onde por certo tamén aparece, con referencia a S. Pedro de Loira, a forma *Loura*, que é como con toda probabilidade se pronunciaría daquela este topónimo, aínda que xa en alternancia con *Loira*, pois así é como aparece no seguinte texto de 1111:

In terra de Trasancos, villam de Anca, tam hereditatem quam creationem. In Neda, meam directuram de villa Merdarios; in Sancto, hereditatem quae fuit Veremundi Ordonis et Ieloire Xuáres et de Maria Xuáris, cum suis directuris; de villa dicta de Vineis, in Neda, quarta integra de tota hereditate quae iacet inter pontem et pontem, excepta Ecclesia Sancte Mariae, de Monasterio de

²⁰ En latín clásico existía un LAURA, -AE co significado de ‘ría maior’, que, obviamente, desboto. Pola súa parte, Du Cange (1954) rexistra tamén un LAURA co significado de ‘especie de pequeno mosteiro’, que así mesmo rexeito por non existir no latín hispánico –nomeadamente en Galicia– nin o máis mínimo rastro de semellante palabra. Consultado o CODOLGA, o maior corpus documental de textos latinos galegos, a palabra LAURA non aparece máis que dúas veces: unha como adxectivo de cor e outra con referencia a LAURA VETERA na pasaxe que transcriberei máis adiante.

Narón, quarta cum omni sua directura; Ecclesiam Sancti Clementis integram; villam de Berenon cum suo directo; villam Clauselam per suos antiquos terminos; Ecclesiam Sancti Mametis de Atheos cum sua directura. Meam directuram de villa Naron, iam dicta; villam integram de Palacios; Ecclesiam Sancti Iacobi de Marnela cum sua directura et villam laicalem cum suo villare de Coba de Loira; Ecclesiam integram Sancti Iuliani de Lamas et quartam de Palaciis (Cal Pardo 1984: 235).

No caso de *Laura Vetera*, en troques, non se trata –como ocorre con frecuencia nos documentos medievais– dunha simple latinización, senón dunha auténtica tradución de *Loura* ou *Loira Vella*, que é como se debería de dicir no século XII: notemos que se algunha vez este lugar se tivese chamado realmente *Laura Vetera*, hoxe teríamos, como é lóxico, *Loira Vedra* e non *Loira Vella*, cuxa etimoloxía ten que ser, obviamente, LAURA VETULA.

Non é preciso, polo demais, explicarmos o paso *ou>oi*, fenómeno testemuñado noutras ocasións: pensemos, por exemplo, no ben coñecido caso do portugués *coisa* por *cousa*, ou tamén na forma dialectal *oitro* por *outro*. E remato sinalando que, por outra banda, a alternancia das formas masculina e feminina nos fitotopónimos non é tampouco nada raro, como demostran as parellas *Carballo / Carballa*, *Toxo / Toxa*, *Bugallo / Bugalla*, *Carrizo / Carriza* etc.²¹

4) Aínda que se poden barallar outras hipóteses, *Borneira* ou *Burneira*, topónimo correspondente, como xa queda visto, ao tamén chamado *Monte de Pantín* –na boca da ría– e que se prolonga no mar ata formar a punta Chirlateira, pode proceder, segundo xa expuxen noutra ocasión (Porto Dapena 2004b), do latín (LA)BURNUM ‘codeso’ máis o sufixo abundancial -ARIA, co que este topónimo viría a significar etimoloxicamente ‘lugar en que abundan os codesos’. Como non me consta que en galego existise a palabra *borne*, que si, en troques, existiu en castelán, ou **burne* –e menos aínda un máis lóxico **laburno*–, para significar ese arbusto, non alleo, por outro lado, á flora de Galicia, considero que o topónimo en cuestión tería que ser antigo, anterior ao romance.

Pero, aínda que esta é sen dúbida a hipótese etimolóxica máis sinxela, existen outras posibilidades, das que probablemente a máis suxestiva sería a de entroncar este topónimo coa palabra galega *borneira*, que, segundo o DEGC de Rodríguez González, significaba un tipo de pedra negra moi dura empregada na fabricación de moas ou pedras muíneiras, que por esa razón reciben tamén ese mesmo nome. E así vista, tal denominación viría a constituír unha clara metáfora, dada a forma redonda –semellante a unha moa ou pedra de muíño–, por certo de ningunha maneira allea

²¹ Poden verse moitos outros casos en Navaza Blanco (2006).

á oronimia de Galicia: lembremos sen ir máis lonxe a *Penamoa* de A Coruña ou mesmo o monte *Moa* de Laxe, e, por outra banda, recordemos que o nome *Borneira* se atopa tamén na ría de Muros, e *Borneiro* chámase un castro na parroquia do mesmo nome na bisbarra de Bergantiños.

Unha terceira hipótese –ao meu ver menos probable– levaríanos a entroncar este topónimo coa raíz celta BORN-, presente mesmo na coñecida palabra *borne*, traída do francés en tempos modernos, e que debía de significar, ao parecer, algo así como ‘extremo, punta ou límite’, interpretación que podería tamén cadrar coa forma e disposición deste monte da ría cedeirense.

5) Finalmente, outro nome que podería ser anterior á formación do romance galego é *Escalearóá*, que corresponde a unha especie de parede no acantilado, ao parecer, en forma de escaleira. Malia a conservación do *-l-* intervocálico, que nos podería levar a supoñer unha –coido que inexistente– influencia do castelán, o que verdadeiramente me fai pensar na antigüidade deste topónimo é a presenza da terminación en hiato agudo *-oá*, evolución sen dúbida do conglomerado de sufixos latinos OLA + ANA e non dos seus respectivos resultados en galego. Así pois, a etimoloxía deste topónimo vén a ser SCALA + ARIA + OLA + ANA, isto é, un derivado en terceiro grao de SCALA ‘escada ou, mellor, banzo de escaleira’.

2.3. Topónimos latino-medievais

No conxunto de topónimos aquí estudados cómpre sinalar ademais outros, sen dúbida medievais e así mesmo de ascendencia directa latina, pero que seguramente non son anteriores ao nacemento do galego. Refírome sobre todo aos casos, antes sinalados, de *Pantín* e *Vilarrube*, a que se deberán engadir probablemente algúns outros como *Eixil*, *Ardilosa*, *Chirlateira*, *Punxallo*, *Folgo*, *Punta Falcoeira*, *Punta Promontoiro* así como os hidrónimos *Condomiñas*, *Río das Mestas* e *Río das Forcadas*. Aínda que de orixe xermánica, debemos agrupar aquí tamén o hidrónimo *Gumil* ou *Simil* por proceder en realidade dunha forma latinizada e corresponder así mesmo á época medieval.

1) A ascendencia latina dos dous primeiros é evidente por procederen en ambos os casos do xenitivo do nome dun propietario: no primeiro caso PANTINUS, antropónimo latino que á súa vez deriva, mediante o sufixo *-INUS*, de PANTUS ou PANTIUS, de posible orixe iliria. O punto de partida tivo que ser FUNDUS ou VILLA PANTINI, con perda do corónimo ou substantivo xenérico (Porto Dapena 2004), que, no entanto, se conserva en *Vilarrube*, proveniente seguramente de VILLA RUFUS ‘vila de Rufo’, isto é, dun propietario chamado *Rufus*, así mesmo de orixe latina. Notemos, polo demais, que a forma *Pantín* tamén se atopa no topónimo do concello de Arzúa *Pantiñobre*, esta vez co sufixo prerromano *-obre* (estudado, como é sabido, por

Menéndez Pidal (1968: 179) e Moralejo Laso (1977: 49-83), e posiblemente se relaciona con *Pantón*, nome dunha parroquia e concello da provincia de Lugo, e co tamén existente *Vilarpandín*.


2) No tocante á etimoloxía de *Eixil*, nome do monte que se atopa arriba de Cedeira, supoñía eu mesmo (Porto Dapena 2004b) que, á falta de testemuños documentais, podía provir do adxectivo latino *EXILIS* co significado de ‘árido ou non cultivado’, circunstancia na cal nos atoparíamos diante dun topónimo probablemente máis antigo do que é en realidade. Efectivamente: grazas ao meu bo e admirado amigo R. Usero, historiador e cronista oficial de Cedeira, quen me proporcionou textos dos séculos XVI e XVII en que aparece o topónimo, sabemos que este provén do dun casal así chamado existente na zona de Trasmonte (Cervo):

Los cuales dhos. lugares e casares que se dicen e nombran de Trasmonte, se parten y dividen y se empiezan a desmarcar y dividir de otros lugares y casares que se dice de Ygil. Primeramente empieza la dha. demarcación de los dhos. lugares de Trasmonte, en la cabeza de la fuente de Ygil, questá junto de dho lugar de Ygil y los dhos. casares de Trasmonte²².

Agora ben, todo isto lévanos a pensar máis ben no xenitivo do nome dun antigo propietario chamado probablemente –segundo me apunta Usero– *AEGIDIUS*, razón pola que habería que pensar nun *CASALIS AEGIDII* como punto de partida. Sen desbotar, sen embargo, esta posibilidade, a min paréceme, se cadra, máis probable pensar nun antropolónimo de orixe xermánica, *ANAGILDUS*, cuxo xenitivo *ANAGILDI* explicaría, ao meu ver, moito mellor a evolución fonética levada a cabo.

3) Polo que atinxe a *Ardillosa*, nome, como se recordará, dunha allada, penso que procede do adxectivo latino *ARGILOSUS*, -a ‘arxiloso ou barrento’. A dentalización da primitiva sibilante sonora houbo de producirse necesariamente antes do enxordecemento, levado a cabo no século XVI, e, por outra banda, debeu de obedecer ao mesmo proceso que en castelán fixo desembocar o sonido palatal no interdental *z*. Non creo por certo que esta particular evolución deba atribuírse a un antigo influxo do castelán, pois penso que, nese caso, tamén teríamos *-ll-* por *-l-* e, polo tanto, o resultado actual sería máis ben un inexistente **Ardillosa*. Así pois, o que non semella aceptable é ver en *Ardillosa* unha variante fonética do actual adxectivo *arxiloso*, senón máis ben unha evolución parella, pero independente, a partir do mesmo étimo ou, en todo caso, dunha primitiva forma romance [arziˈlosa]; ou sexa:

²² O texto, inédito, está tirado do Libro 865 de Oseira, fol. 44 (Archivo Provincial de Ourense. Monasterios) e foime proporcionado polo propio R. Usero. Como facilmente pode verse, non é que nesa época o topónimo tivese a forma *Ixil*, segundo parece desprenderse da transcripción *Ygil* deste texto; non fai falla notar que en ambos os casos o topónimo vai precedido pola preposición *de*, cuxo *e* se segmenta inadecuadamente, isto é, en realidade debería terse escrito *d’Egil* ou *de Egil*.



O nome, como imos ver, debeuse de aplicar nun principio a un regato que desemboca nesa parte da costa.

En apoio desta etimoloxía considérese o seguinte texto de 1244, procedente do *Tombo Vello* de Oseira (códice 1008-B, fol. 32 vto. do A.H.N.), publicado por Romaní Martínez (1990), e que moi amablemente me proporciona tamén R. Usero:

Isti sunt termini per ubi diuiditur flegregia sancte Eolaie de Ceruo: Quomodo exit a mare per riulum de Argilosa, deinte a proul de Didaco, deinde ad regum de Caracido ubi stat IIII cautus, deinte quomodo uadit ad agrum Mole ubi stat alius cautus, deinde per regarium de Regidoris, deinde quomodo uadit per ribeiram de Coroes [sic, por Cortes] usque mare.

4) Máis problemática se nos presenta a etimoloxía de *Chirlateira*, nome dunha punta así como dun illote, que se atopan á entrada da ría. A primeira impresión é que se trata dun derivado de *chirla*, palabra que, por unha parte, pode aludir a un tipo de molusco, o VENUS GALLINA, e, por outra, a unha especie de ave mariña, ambos os tipos de animais descoñecidos hoxe na ría cedeirense, pero que, se cadra, poderían ter existido noutras épocas. Agora ben, deixando de lado o problema morfolóxico que nos presentaría o interfixo *-at-*, *Chirlateira* faría alusión á abundancia ou ben do molusco, cuxa existencia por certo nesa zona, moi batida polo mar, non parece que fose nunca probable –pois que ese bivalvo vive en fondos areosos e mesmo lamacentos de augas tranquilas–, ou ben das devanditas aves, de existencia, como digo, problemática na zona.

Dende logo, o que parece fóra de toda dúbida é que o nome desas aves así como o noso topónimo teñen que ver co verbo *chirlar* ‘facen un ruído desagradable’, que, segundo o *DCECH* (s.v. *chillar*), procedería dun hipotético *CISCLARE, alteración de FISTULARE ‘tocar a frauta’. Agora ben, para o caso que nos ocupa penso que habería que partir dun derivado do participio de presente *CISCLANTE e o sufixo abundancial *-ARIA* ou, quizais mellor, dun hipotético **chirlatar* ou **chirlatear* (parello aos casteláns *parlotear* ou *charlotear* fronte a *parlar* e *charlar*) formado sobre *chirlar* mediante un interfixo de tipo despectivo. De aceptarmos a primeira hipótese, teríamos como punto de partida un hipotético *CISCLANTARIA, que daría **Chirlanteira* e por posterior perda da nasal, *Chirlateira*²³. Pero sexa como for, en

²³ Os diversos planos da ría feitos no século XVIII recollen todos este topónimo coa forma gráfica *Chirlateyra*, agás o de Hermosilla (1798), que rexistra –é de supoñer que por erro– *Chirliteira*.

calquera caso o topónimo parece facer alusión ao forte e desagradable ruído que fai o mar ao romper contra as rochas, circunstancia que fai semanticamente parello este topónimo ao xa visto de *As Sonreiras*, e máis aos de *O Brual* e *Sarridal*, a que me referirei máis adiante.

5) Relacionado tamén cun verbo, neste caso *punxir* ‘punzar ou ferir’, parece estar *O Punxallo*, nome dun baixo onde, xa que logo, debe de haber baixo as augas multitude de rochas que a modo de punzóns pódennles facer moito mal ás embarcacións. O punto de partida será, probablemente, o latín PUNGERE ‘punxir’, do que deriva o topónimo mediante o sufixo despectivo *-allo* (<lat. -ACULU) (comp. *refugallo* <REFUGERE ou *podricallo* <PUTRESCERE).

6) En canto a *Folgoso*, topónimo moi repetido ao longo de toda Galicia²⁴, responde á evolución do latín FILICOSUS, adxectivo derivado á súa vez de FILICUS ‘felgo, fento’, e, polo tanto, referido a un lugar, fai alusión á abundancia neste de felgos ou fentos. O resultado inicial é, loxicamente, *Felgoso*, cuxo *e* pasa a *o* por labialización producida polo *f-* inicial máis, probablemente, por asimilación dos ‘os’ seguintes. Así mesmo poderíase ter dado unha etimoloxía popular que relacionaría esta palabra con *folgo* ou *folgar*.

7) Pola súa parte o adxectivo *Falcoeira* da denominación *Punta Falcoeira* ten unha clara etimoloxía: o latín FALCONARIA, que daría *Falcoaira* e logo *Falcoeira*. En galego actual –e con idéntica etimoloxía– existe o adxectivo *falcoeiro*, pero cun significado diferente ao que corresponde ao topónimo, o cal fai sen dúbida alusión á presenza noutros tempos de falcóns no lugar ou, se cadra –o que semella menos probable–, a un leve parecido da punta coa cabeza ou o pico dun falcón.

8) *Punta Promontoiro*, tamén chamada *Punta Robaleira* ou *da Robaleira*, non presenta tampouco ningún problema etimolóxico. A denominación xorde do latín PROMONTORIUM ‘promontorio ou punta elevada que se interna no mar’; a denominación constitúe, xa que logo, un claro pleonasma, do que, evidentemente, non son conscientes os falantes, dada a inexistencia desa forma como palabra do léxico usual. Polo que se refire a *Robaleira*, que nun principio debeu de designar a zona do mar que rodea a punta dese mesmo nome, non podemos falar propiamente dun topónimo de orixe directamente latina, pois que procede de *robalo*, nome hoxe desaparecido do léxico cedeirense por telo feito así mesmo do lugar a realidade que representa. Como curiosidade, cómpre engadirmos que a palabra *robaliza* é un derivado de *robalo* (con acentuación paroxítona e non proparoxítona como en castelán), que á súa vez, segundo observa o DCECH, é o resultado da metátese de *lobarro* –nótese que en realidade é este nome pronunciado por sílabas de dereita a

²⁴ Véxase, por exemplo, Navaza (2006: 267).

esquerda–, un derivado de *lobo* (<lat. LUPUS), que, metaforicamente, se aplicou a ese peixe, tamén chamado –en castelán– *lubina* (outro derivado de *lobo*), palabra que, por pura parvice, está por certo agora a punto de desprazar ao termo galego tradicional *robaliza*.

9) Referireime, finalmente, aos tres hidrónimos *Condomiñas*, *Río das Mestas* e *Río das Forcadas*, tamén chamado, como queda dito, *Río da Ferrería* e, sobre todo, *Río da Loira* (Porto Dapena 2004a). O primeiro debeu de ser nun principio un topónimo –hoxe desaparecido– correspondente a un lugar ou zona por onde discorre este río, que, como ocorre tantas veces, recibiría o nome dese lugar. Trátase, como pode verse, do plural dun *condomiña*, descoñecido no galego actual e derivado da forma, tamén plural, latina CONDOMINIA (sing. CONDOMINIUM) co significado de ‘propiedade comunal’. A mesma etimoloxía ten por certo *La Condomina*, barrio murciano onde se atopa o coñecido estadio de fútbol da mesma denominación. No caso do río de Cedeira temos que pensar, loxicamente, na existencia noutro tempo dalgunha propiedade veciñal a carón desta corrente de auga, ¿probablemente os montes da Capelada por onde pasa? É moi probable, pero necesitaríamos, como é natural, datos históricos que nolo confirmasen.

Os outros dous nomes de ríos, *das Mestas* e *das Forcadas* teñen, pola contra, un xenuíno carácter hidronímico, pois que en ambos os casos trátase orixinariamente de adxectivos referidos a unha corrente de auga. E así, o primeiro provén claramente do latín AQUAS MIXTAS, isto é, literalmente ‘augas mesturadas’ en alusión ou ben ao relativamente longo tramo comprendido entre Porto de Cabo e O Puntal, onde, como é sabido, se xuntan as augas doces do río coas salgadas do mar, ou quizais máis ben ao feito de se xuntaren no curso deste río diversos regatos ou afluentes pequenos. Tal denominación, por outra banda, non é exclusiva deste río, pois repítese non poucas veces na nosa xeografía.

Cómpre sinalarmos, por outra banda, que o topónimo *Porto de Cabo*, que, como xa dixen, se ten tomado así mesmo como denominación deste río, parece falarnos a prol da existencia –non testemuñada documentalmente– de *Cabo* ou, quizais mellor, *Cavo* (<lat. CAUUM ‘cavado, oco’) como primitiva denominación deste mesmo río, co que se explicaría perfectamente a formación daquel topónimo, segundo teño observado en Porto Dapena (2004e).

Tamén, repetimos, a palabra *Forcadas* é un adxectivo referido a augas, pois provén, pola súa banda, do latín AQUAS FORCATAS co significado de ‘augas bifurcadas’, isto é, alude a unha corrente de auga en gallada, quere dicir, formando dous brazos como unha forca, forcada ou galleta. Esta denominación, que por certo deu nome ao encoro da traída de augas de Ferrol, parece máis antiga que a de *Río da Loira* e, sobre todo, *Río da Ferrería*, que, xa queda dito, este río recibe dos dous lugares de Pantín por onde desemboca. Como formación parella, cómpre lembrarmos a de

Rioforcado que, dando nome tamén a unha corrente de auga e mais a un lugar, atopamos na veciña parroquia da Barqueira, no concello de Cerdido.

10) E para rematar este apartado, a unha corrente de auga alude tamén o nome *Gumil*, que tomamos dos mapas do ‘Servicio Geográfico del Ejército’, pero que en realidade constitúe unha gralla por *Sumil* ou *Simil*, topónimo practicamente desaparecido e substituído pola denominación moderna de *Río de Esteiro*. A forma *Simil* aparece, segundo me informa Usero, en 1620, nunha escritura de venda, no protocolo do esribano Joan Sánchez, fol. 246 (Arquivo Galego de Notarios da Coruña)²⁵. Etimoloxicamente, trátase dun claro xermanismo, resultado probablemente do xenitivo do nome de persona *SUNIMIRUS*, correspondente, como ocorre case sempre, a un antigo propietario dun lugar –hoxe descoñecido– que, posteriormente, lle deu nome ao río.

2.4. Topónimos romances

Todos os demais topónimos da ría de Cedeira aquí recollidos teñen, case con toda seguridade, a súa orixe no propio romance; isto é, trátase de palabras ou expresións denominativas creadas a partir do galego e mesmo ás veces do castelán. Representan, como se pode ver, a inmensa maioría e, asemade, ofrecen, como é esperable, un alto grao de transparencia, agás aqueles que proceden de palabras hoxe desaparecidas do galego –ou polo menos do galego falado en Cedeira–, topónimos que, probablemente, en moitos casos ao menos, haberá que retrotraer tamén á época medieval, se ben na maior parte dos casos constitúen sen dúbida denominacións relativamente modernas, incluso nalgúns casos dabondo recentes.

1) Comezando polos máis opacos –e probablemente tamén máis antigos–, temos en primeiro lugar o caso de *Os Marouzós* (Porto Dapena 2004d), correspondente, como xa queda dito, á zona de dunas comprendida entre a praia da Magdalena e o Paseo Marítimo. *Marouzós* en realidade é unha variante do substantivo *morouzo* (en portugués *morouço*), que significaba ‘montón de pedras pequenas nun terreo de labor’. A forma primitiva debeu de ser *Morouzós*, plural de *morouzón*, aumentativo de *morouzo*, o cal por certo tamén dá nome á praia ortigueira de *Morouzos*. O paso do *o* a *a*, en Cedeira, debeuse sen dúbida a unha etimoloxía popular, pola que se relacionaría o topónimo con *mar*; pero que nada ten que ver etimoloxicamente con esta palabra é evidente, tendo en conta que existe un monte chamado *Morouzo* moi lonxe da costa, no concello de Trasmiras (Ourense), e *Morouzas* é así mesmo a denominación doutro monte no concello de Dodro, que tampouco está a carón do mar. Agora ben, profundando un pouco máis na etimoloxía de *morouzo*, parece

²⁵ Sorprendentemente, este río non aparece citado na minuciosa obra de Dávila Díaz (1990) sobre a xeografía da comarca ortigueira.

que esta palabra procede á súa vez dunha raíz prerromana MOR-, da que por certo provén *morea* ‘pila de mollos de trigo ou doutro cereal’ e quizais así mesmo o topónimo *A Marola* (aquí tamén co cruce, por etimoloxía popular, da palabra *mar*), que, como é sabido, designa un illote na costa ártabra, o cal á súa vez deu nome ás perigosas augas que o rodean. Pois ben, o sentido inicial desa primitiva raíz debeu de ser algo así como ‘pila ou montón en forma cónica de calquera material’. E no que atinxe a *morouzo*, debeu de significar –polo menos na zona de Cedeira e Ortigueira– ‘pila de area formada polo vento’, isto é, ‘duna’. En resumidas contas, a denominación de *Os Marouzos* non vén a ser outra cousa que unha referencia aos grandes e numerosos montóns de area, que en épocas pasadas deberon de ocupar a maior parte –se non a totalidade– do que hoxe é a Cedeira moderna, a que se atopa antes da ponte.

2) Topónimos relativamente antigos de orixe romance son tamén, sen dúbida, *Esteiro* e *Piñeiro*, nomes das dúas parroquias cedeirenses da ría: o primeiro –claro está– alude ao pequeno entrante ou esteiro que forman as augas do mar á altura de *Redemuños* ou *Río de Muños*, topónimo tamén relativamente antigo (probablemente medieval), pero transparente sobre todo na súa segunda variante. Polo que toca a *Piñeiro*, trátase, como pode verse, dun fitotopónimo, que non necesariamente representa unha colectividade, senón unha árbore illada, que no seu día debeu de caracterizar o lugar; parece lóxico pensar, por outra banda, que nun principio debeu de levar artigo, dun modo parello ao que ocorre con, por exemplo, *A Carballa* ou *As Figueiras*, topónimos pertencentes tamén ao concello de Cedeira, así como con *O Espiño*, ao final da praia da Magdalena²⁶.

3) Un caso antigo será tamén *A Costá* (<lat. COSTANA) ‘rúa ou camiño en costa’, que hoxe non se emprega en galego como substantivo común. A perda da consoante intervocálica fala a prol desa antigüidade.

4) Seguindo con nomes referentes a lugares habitados, o caso de *O Puntal*, na desembocadura do Río das Mestas, preséntanos o problema da súa interpretación semántica, pois non sabemos se alude a unha prominencia en punta do terreo –cousa que non parece axeitada á realidade, pois trátase dunha zona baixa ao pé do río–, ou máis ben a unha armadura de madeira para soste algo, que é o que se me antolla máis verosímil. De todas as maneiras, a primeira posibilidade tampouco é totalmente descartable, se pensarmos que o topónimo puido emigrar –como de feito ocorre ás veces–, de maneira que nun principio se aplicase a outro lugar máis ou

²⁶ Non creo que neste caso sexa aplicable a interpretación que Cabeza Quiles (2000: 167-171) propón para o topónimo *O Espiño*, equivalendo a ‘lomba ou altura’, pois aquí refírese, como queda dito, a un extremo da praia da Magdalena, aínda que ben puidera ser que noutros tempos este topónimo servise para designar o hoxe chamado *Monte das Croas*; pero, naturalmente, non hai ningún dato histórico que poda cimentar semellante hipótese.

menos próximo ao actual. Velaquí, pois, un caso máis de topónimo lingüisticamente transparente, pero opaco historicamente.

Nomes de lugares habitados son tamén *Santallamar*, *O Barral* e *O Cubilote*. O primeiro é, xa se ve, un composto, resultado da expresión *Santalla do Mar*. Téñase en conta que a Santalla –isto é, a Sta. Eulalia– é a quen estivo dedicada noutros tempos a desaparecida ermida de S. Isidro, hoxe reconstruída noutro lugar, que precisamente por iso se chama *S. Isidro*, no remate da praia da Magdalena. Pola súa banda, *cubilote* é unha forma despectiva de *cubil* ‘cortello’²⁷, e *O Barral* resulta totalmente transparente, ao aludir a abundancia de barro no lugar, aínda que tamén se podería interpretar como equivalente a *parral* por sonorización —certamente anormal, pero posible— do *p*- inicial.

5) Un haxiotopónimo como *Santallamar* é o de *A Magdalena*, aplicado á praia de Cedeira. O nome provén así mesmo dunha antiga capela existente xa na baixa Idade Media e que dura ata o século XIX, dedicada á Magdalena e S. Lázaro, e que formaba parte dun lazareto que había nas proximidades desta praia²⁸; malia a proximidade coa ermida de Santalla –despois de S. Isidro– non hai que confundila con esta. Finalmente, outro posible haxiotopónimo, referido a un areal, é o de *Plaña de Mi Señora*²⁹, para o que, como xa sinaléi antes, non temos ningunha explicación histórica –fóra da lenda ou tradición oral– que relacione este lugar coa Virxe María, a quen, indubidablemente, vai dirixido este tratamento co posesivo átono coincidente co castelán.

Segundo conta, efectivamente, unha tradición puramente oral con visos de pura lenda, Cedeira foi saqueada en certa ocasión polos ingleses, quen, entre outras cousas, levaron da igrexa a imaxe da Virxe, que, posteriormente, deixaron abandonada na actual praia de *Mi Señora*, o que explicaría a denominación³⁰. Pero, aínda que sen dúbida a nosa vila –como en xeral todos os pobos da costa cantábrica– recibiría máis dunha vez o asalto de piratas e, en tempos medievais, dos viquingos, non temos, como dixeran, ningunha constancia documental dese saqueo en concreto.

²⁷ Evidentemente, nada ten que ver con *cubilote* ‘forno cilíndrico empregado na fundición de metais’, pois esta é palabra moderna, procedente do francés e que entrou na lingua a finais do século XIX: o primeiro dicionario español que a rexistra é o de Zerolo en 1895.

²⁸ Usero (1987) ten investigado a historia deste lazareto.

²⁹ Toñño nun *Plano del Puerto de Cedeira* realizado en 1788 rexistra un *Pta. de Nuestra Señora del Mar*.

³⁰ É curioso sinalar que, como me informa R. Usero, este mesmo feito –esta vez historicamente comprobado– ocorreu en Santander en 1590, data en que os holandeses levaron a cabo idéntica profanación da Virxe, patroa do Concello santanderino.

6) Non é, porén, raro que a realidade a que alude o topónimo teña deixado de existir hai máis ou menos tempo, como sucede no caso da *Pena das Saiñas*, referido a unha especie de pena que se atopa no medio do río Condomiñas, chamado tamén antigamente *Saiñas*, á altura da Ribeira e mais –noutros tempos– das *saiñas*, palabra equivalente a ‘salina’ e que neste caso debíase de referir á existencia, á beira do río, de alfolíns ou almacéns de sal. *Alfolín* ou *Alfulín* por certo debeu de ser nun principio o topónimo aquí recollido baixo a forma de *Alfunil*, lugar da costa que se atopa na parroquia de Pantín, onde antigamente houbo un embarcadoiro e mais un pequeno almacén de sal, do que aínda hai poucos anos se conservaban as paredes. Non fai falla, polo demais, observarmos que *Alfunil* non responde máis que a unha metátese de *alfulín*, apoiado moi probablemente por unha analoxía ou etimoloxía popular con *funil* ‘embude’, palabras as dúas desaparecidas totalmente do léxico actual cedeirense.

7) Tampouco *O Tiro*, que ao parecer recorda unha pequena zona da costa, inmediatamente despois da antiga lonxa, onde se facía práctica de tiro, conserva a característica que pon de manifesto³¹. O mesmo cómpre dicir da praia chamada *Area Longa*, a carón por certo do Tiro, pois que ten moi pouco de longa –sobre todo despois da construción do novo peirao– e estase quedando sen area; a denominación, porén, podería obedecer a unha ironía. Pola súa parte a pena *Zambulleira* chámase así porque, polo visto, hai anos, os rapaces tirábanse dende ela á auga para se bañaren.

8) Non sabemos, porén, a que pode aludir o nome de *Zanqueira* aplicado a dúas baixas da ría. Parece evidente que se trata dun derivado de *zanco* ou *zanca*; pero escápasenos totalmente a relación obxectiva que o significado destas palabras poida ter coas realidades nomeadas³². En situación parecida atópase *A Toquera*, nome castelanizado doutra baixa, posiblemente relacionado co verbo *tocar* e talvez explicable pola facilidade con que nela tocan as embarcacións.

En xeral, podemos dicir que os nomes das baixas presentan este problema: en primeiro lugar *O Cachamarín* parece que non é máis que unha variante fónica de *cachemarin* ‘pequena e antiga embarcación de vela’; temos, por outra banda, as *Baixas do Obispo*, con este nome eclesial castelanizado que non sabemos a que bispo se refire³³. Tampouco as baixas *do Merlo*³⁴ e *do Neto*, sendo lingüisticamente

³¹ O topónimo, de todas as maneiras, xa existía no século XVIII, segundo se deprende dun plano de 1788.

³² Pode ser que aluda a lugares por onde se andaría normalmente sobre zancos, como ocorre en sitios lamacentos ou cenagosos, ou tamén —menos probable— debido á presenza de aves de patas longas na zona.

³³ Un plano da ría de 1788 recolle *Punta del Obispo*. E, segundo me informa R. Usero, tamén existiu antigamente unha fonte do Obispo, camiño do peirao e, polo tanto, na parte da costa que se atopa preto da baixa.

³⁴ Este topónimo existía xa no século XVIII, pois aparece nun plano da ría feito en 1788.

transparentes, poñen de manifesto ningunha relación obxectiva coa realidade denotada. A miña hipótese é que nestes casos podería moi ben tratarse de alcumes de mariñeiros que por algunha razón se teñen relacionado nalgún momento con eses lugares.

Isto é o que ocorre con outras denominacións, como, por exemplo, *O Calexón de Bernardino*, que alude ao parecer a un mariñeiro que hai uns anos estivo a punto de morrer alí afogado. E a mesma orixe ten sen dúbida a punta e allada de *Martín Cas*, así como *O Peñón de Iánez*, aínda que sen dúbida estes últimos poden ser moito máis antigos, como antigo tamén parece ser o de *Plaia de Xiao*, cun nome de persoa que non sabemos tampouco quen foi. Ignoramos así mesmo a que condessa se refire *A Allada da Condessa*, aínda que sospeitamos que se trata da condessa de Lemos, Dña. Beatriz de Castro (1521-1570), propietaria de moitas terras na costa cedeirense.

Volvendo aos nomes de baixas, penso que están dabondo claros os de *A Traidora*, *Baixa Cuberta do Faro*, *Baixa da Punta do Castillo* e *O Petón*. Este último terá que ver, loxicamente, con *petón* ‘pedra grande e redonda’, aludindo á presenza no lugar dalgún deses exemplares pétreos. Os outros tres non merecen especial explicación, se ben o primeiro podería ser tamén o resultado, por ditongación, de *traedora* (<*traer*) no sentido de que a baixa exercería unha especie de forza de atracción sobre os barcos. Quedo, non obstante, coa explicación máis sinxela, isto é, de ‘traidora’ tomada ao pé da letra.

E para rematar cos nomes de baixas ou baixos, temos aínda *O Sarnoso*, *O Meixón*, *O Badexeiro*, *A Laxe* e, finalmente, *A Serra da Laxe*. A primeira é lingüisticamente transparente, pero non se ve a relación que o lugar poida gardar coa sarna –evidentemente ningunha–, así é que o adxectivo que lle dá nome debe de responder a unha pura intención despectiva. Pola súa parte, *O Meixón* e *A Laxe* xunto con *A Serra da Laxe* fan referencia a senllas formacións rochosas: *laxe* ou *laxa* é, como se sabe, unha rocha grande e lisa –quizais aquí en forma de serra–, e *meixón*, aínda que nalgúns sitios significa ‘angula’, pode tamén significar, segundo *DEGC* (s.v.), ‘montón ou morea’ e, polo tanto, hai que pensar que alude á forma da pena ou rocha alí existente. Ningún comentario merece *O Badexeiro*, que, como é evidente, alude a abundancia de abadexos na correspondente zona³⁵.

9) Topónimos semitransparentes son *O Sarridal*, *O Brual*, *A Allada de Tolido* e a *Cuncagada*. O primeiro parece ser a primeira vista un derivado, mediante o que

³⁵ Cabe sinalarmos que na variedade de galego falada en Cedeira o nome do peixe non é nunca *abadexo*, senón *badexo*.

viría a ser unha duplicidade de sufixos abundanciais *-ido* + *-al*, de *sarrío*, palabra que en galego pode significar varias cousas, dende o sedimento que o viño deixa nas cubas ata a feluxe das chemineas, pasando pola substancia calcaria que se forma nos dentes; pero o certo é que ningún deses significados parece encaixar de todo na explicación do nome desta punta da costa cedeirense, como non sexa supoñendo para o vocábulo un antigo significado máis xeral de ‘residuo ou escoura’, que é o que corresponde en realidade á forma vasca *sarra*, coa que probablemente se relacione tanto o galego *sarrío* como o seu equivalente castelán *sarro* (cfr. *DCECH*, s.v.). Coido, no entanto, que a cousa non vai por ese camiño nin moito menos: ao meu ver, *Sarridal* é, en efecto, un abundancial, pero non de *sarrío* senón de *sarrido*, palabra desaparecida do galego, pero conservada en portugués, co significado de ‘ronquido, nomeadamente o que fai un moribundo coa gorxa’. Este mesmo significado, xa que logo, ten sen dúbida o topónimo *Sarrido* que atopamos na costa de Fazouro (Lugo), polo que tanto este como *Sarridal* –o mesmo que os casos xa amentados de *Chirlateira*, *Sonreiras*, *Frouseira*, *Roncudo* etc.– aluden á forte sonoridade do mar neses lugares. Na mesma liña, como xa sinalei máis atrás, hai que situar a etimoloxía de *O Brual*, nome tamén dunha punta e que representa así mesmo un abundancial do galego *brúo* ‘ruxido que fai o vento ou o mar embravecido’.

En canto a *A Allada do Tolido*, o nome vénlle do monte así chamado que se atopa a carón. *Tolido*, pola súa banda, penso que non é máis que un *Toelido*, derivado de *toelo*, nome galego da serpentina, mineral constituído por silicato de magnesio hidratado, mediante o sufixo colectivizador *-ido*. A prol desta hipótese convén sinalar que en 1788 aparece rexistrada unha *Punta de Toilido* –isto é, co *e* pechado en *i*– nun plano da ría de Cedeira.

Pola súa parte, a semitransparencia de *A Cuncagada*, nome aplicado a un illote, no que as aves mariñas adoitan –ou adoitaban– deixar as súas pegadas consistentes en restos de excrementos, radica en que este composto, aínda que podería ser o resultado dun *cunca cagada* con perda, por haploloxía, dunha das dúas sílabas *-ca-*, penso que en realidade provén de *con cagado*³⁶, que, probablemente por relacionalo con *cunca* pasou a feminino pechando ao mesmo tempo o *o* da sílaba inicial. Inclínome por esta segunda posibilidade pola dificultade de partir aquí dun dabondo inexplicable *cunca* –que aludiría máis ben a unha cavidade– fronte ao substantivo *con*, que, se ben desaparecido do galego cedeirense, é palabra aínda en uso e encaixa aquí perfectamente por se tratar, efectivamente, dunha rocha grande preto da costa e na que, por certo, hai que situar *Os Dentes da Cuncagada*, denominación que alude, obviamente, a certas penas aguzadas que rodean e mesmo forman parte deste illote.

³⁶ Dada a existencia, como vimos, na ría de Muros e Noia do topónimo *Refís da Con*, non parecería descamiñado pensar que *con* fose nalgún tempo feminino e, polo tanto, o punto de partida fose *con cagada*.

10) Falando de penas, na costa cedeirense cómpre destacar –especialmente pola boa calidade dos percebes que alí se collen– en primeiro lugar *As Blancas*, así chamadas pola cor branca do cuarzo de que están recubertas, e, por outro lado, *A Pedra da Plata*, nome que, segundo me informan os mariñeiros, lle vén da gran riqueza de percebes que dela se extrae ao cabo do ano, cousa que, de ser así, nos leva a concluír que se trata dunha denominación relativamente nova, dada a baixa estima que en tempos pasados se lle daba a ese marisco. O nome de *As Blancas*, porén, ten unha relativa antigüidade, pois xa aparece na cartografía do século XVIII³⁷.

Destacables son así mesmo *As Pedras de Mediomar*, situadas no medio da ría, cuxa transparencia lingüística aforra calquera comentario etimolóxico. Xunto a elas convén recordarmos tamén *A Pena da Vaca*, *O Home* e *O Cabalón*, así chamadas pola similitude de forma que presentan cunha vaca, un home e un cabalo grande. Tamén debemos sinalar *As Tres Hermanas*, denominación dun conxunto de tres penas iguais, empregada así en castelán e que non sabemos se é realmente castelanización dun **Tres Irmás* anterior. Forma castelanizada, en troques, debe de ser *O Gaviotal* por *Gaivotal*, aínda que xa hoxe ninguén emprega esta última forma, con referencia a un penedo, onde, como é obvio, abundarán as gaivotas.

Temos así mesmo *Pena Longa*, que dá nome tamén a unha punta e a unha allada, *A Coitelada* e *A Meda*. Este último topónimo debe de ser antigo –atópase xa na cartografía do século XVIII³⁸– e debe, loxicamente, o nome á súa forma cónica semellante á dunha meda. Tamén, como é natural, á forma afiada dun coitelo alude a denominación de *A Coitelada*. E en canto a *Pena Longa*, explícase por si mesma.

11) Pasando agora aos pericotos ou elevacións, temos, como se recordará, *O Pericoto Grande*, onde se atopaba ata hai pouco o monumento á muller do pescador, así como o *Pericoto da Robaleira*, os cales non precisan ningunha explicación etimolóxica, agás, se cadra, a palabra *pericoto*, un derivado, ao parecer, de *coto* mediante o prefixo ponderativo popular *peri-* (cfr. *DCECH*, s.v. *cueto*). Tamén cabe metermos aquí *Monte Gordo*, de claro significado, así como *O Cai*, topónimo hoxe practicamente desaparecido e que se refería a un montón de area existente na desembocadura do río Condomiñas e que se empregaba, polo visto, para cargar e descargar os barcos. En realidade este último topónimo non é máis que un galicismo que debeu de entrar a través do castelán: segundo o *DRAE2001*, *cai* é unha palabra anticuada que significaba ‘cortina de muelle’, isto é, ‘muro de sostenimento a orillas de un río o del mar, sobre todo en los puertos, para facilitar las operaciones de embarque y desembarque’.

³⁷ O que se rexistra en realidade é *Punta Blanca*; así aparece no plano de Hermosilla.

³⁸ En Hermosilla aparece *Punta de la Meda*.

Quédanos tamén por citar *O Monte das Croas*, correspondente á parte alta do brazo de terra que penetra na ría formando a Punta Promontoiro ou da Robaleira. Como a súa denominación indica, no seu cumio atópanse aínda restos de *croas* –isto é, construcións en forma circular ou de coroa– dun importante castro, que, lamentablemente, está aínda sen recuperar.

12) Aínda que máis arriba nos ocupamos dos nomes das alladas ou pequenas enseadas, debemos aínda citar a *do Campo do Castro*, *O Furado do Trigo* e a *das Cascas*, que, obviamente, dende o punto de vista etimolóxico non presentan especiais problemas: o nome da última debe de aludir á abundancia de cascas de bivalvos alí existentes noutros tempos e aínda agora. A primeira toma o nome dun topónimo de terra, que, evidentemente, alude a un antigo castro, e en canto a *O Furado do Trigo*, trátase dunha allada estreita en cuxos terreos veciños se deberon de sementar cereais noutros tempos.

Pero, falando de furados ou entrantes estreitos de mar, debemos citar tamén *O Furado dos Pollos*, así chamado sen dúbida pola abundancia de pequenos crustáceos ou piollos de mar³⁹ nas súas beiras. Existe tamén *O Furado da Barca*, onde, ao parecer, aínda fican os restos dunha embarcación encallada alí hai anos, ao que temos que engadir *O Biol*, recuncho escondido cuxo nome debe de fundarse nunha certa similitude do lugar cun *biol* ou ‘caldeiro para achicar a auga nas embarcacións’.

13) Entre os carreiros ou estreitos de mar, debemos citar *O Carreiro do Golpe* ou *do Rapás* e mais *O Carreiro das Blancas*, este último así chamado por atoparse entre as penas dese nome. Polo que atinxe ao primeiro, coido que a única explicación coherente é considerar que tal nome foi tomado do alcume de algún mariñeiro que tivo que ver co lugar.

14) Hai, por outra banda, dous lugares co nome de *O Forno*. En ambos os casos trátase de formas do acantilado que recordan un forno. A mesma explicación ten por certo *O Fraile*, que se refire a un seixo –tamén no acantilado– que presenta, polo visto, a silueta dun frade. Á forma do litoral, aínda que neste caso aplicado a unha praia, alude tamén *A Volta*, concretamente ao perfil cóncavo do areal da Magdalena. *O Ensebadoiro*, por outra banda, corresponde a unha pequena rampla do acantilado onde, polo visto, é fácil escorregar, como se estiver chea de sebo.

15) Quédannos por citar as puntas *do Lance da Robaliza*, *A do Castillo*, situada ao pé do castelo da Concepción, así como *A Punta de Castrelo*, situada na banda oposta da ría, e onde, naturalmente, debeu de existir un pequeno castro que dá orixe ao topónimo. Este último aparece na cartografía do século XVIII, aínda que baixo o

³⁹ Convén observarmos que no galego cedeirense non se di *piollo* senón *pollo*.

nome de *Punta de Castrelos*. Polo que atinxe ao castelo, que en realidade é un antigo forte militar construído a mediados do século XVIII, deu nome tamén á área tanto terrestre como marítima que o rodea. Moi preto del atópase tamén un lugar chamado *A Bateria*, porque nel existiu tamén unha pequena fortificación –mesmo anterior ao castelo–, da que hoxe non queda nada.

Outras construcións –neste caso modernas, agás a antiga cetaria– como a lonxa (a vella e a nova) ou o peirao serven así mesmo para identificaren, como xa queda dito, os lugares que ocupan. De aí denominacións, un tanto castelanizadas, como *A Punta do Muelle*, *A Lonja Nova*, *A Lonja Vella*. Máis antigas son, evidentemente, *As Ruínas da Cetaria*, *O Malecón*, *A Marieta*, *O Palomar*, *A Ponte Vella* e *A Ponte Nova*, etc., estas últimas xa formando parte da toponimia urbana, como a emblemática *Plaza do Peixe*, onde, antes de haber lonxa, se descargaba o produto da pesca. Todas elas non precisan explicación etimolóxica.

16) Rematarei aludindo en primeiro lugar ás correntes de auga, como *O Regueiro*, aplicado, como vimos, a tres regatos que desembocan na praia da Magdalena, e sobre todo a *A Escorrentada*, corrente mariña que se forma preto do Refís, onde se xuntan as augas procedentes de varios regatos e mais do Río das Mestas. Etimoloxicamente *Escorrentada* procede, como é claro, de *escorrentar* ‘facer fuxir’.

Existen, por outra banda, dúas zonas de mar, *A Herbosa*, de carácter rochoso e que debeu de chamarse así pola presenza, sobre todo en certos momentos, de algas e outras plantas mariñas, e así mesmo *O Chao da Langosteira*, que é de supoñer que alude á abundancia de langostas, ben seguro hoxe inexistentes.

3. Conclusión

Como conclusión, hei de subliñar unha vez máis a riqueza da nosa toponimia costeira, da que o estudo aquí realizado non é apenas máis que unha mínima achega. Eu daríame, xa que logo, por plenamente satisfeito se este pequeno traballo chegase a ser o punto de partida doutros moitos que algún día completen o catálogo toponímico de toda a costa galega, dende Ribadeo ata A Garda. E oxalá que aqueles que se animen a realizar este tan importante, aínda que inmenso, traballo o fagan baixo os puntos de vista e metodoloxía que aquí veño de adoptar. Coido que pagaría a pena o esforzo.

Referencias bibliográficas

- ALT = Lewis, Ch. T. (1989) [1879]: *A Latin Dictionary* (Oxford: At The Clarendon Press).
- Cabeza Quiles, F. (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos* (Noia: Toxos Outos).
- Cal Pardo, E. (1984): *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasmancos* (A Coruña: Diputación Provincial).
- Celdrán, P. (2002): *Diccionario de topónimos y gentilicios* (Madrid: Espasa-Calpe).
- CODOLGA = Véxase López Pereira, J. E., e outros (2006).
- Coseriu, E. (1999): “Nuevos rumbos de la Toponomástica”, en Trapero, M. (ed.), *Diccionario de toponimia canaria*: 15-24 (Las Palmas de Gran Canaria).
- Dávila Díaz, J. (1990) [reimpr. da ed. de 1931]: *Geografía descriptiva de la comarca de Ortigueira* (A Coruña: Diputación Provincial de La Coruña).
- DCECH = Corominas, J. / Pascual, J. A. (1980-1991): *Diccionario crítico-etimológico castellano e hispánico* (Madrid: Gredos).
- DD = Santamarina, A. (2003): *Diccionario de diccionarios* (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza).
- DEGC = Rodríguez González, E. (1958-61): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. (Vigo: Galaxia).
- DELE = (1853): *Diccionario enciclopédico de la lengua española, con todas las voces, frases, refranes y locuciones usadas en España y las Américas Españolas*. Tomo I (Madrid: Imprenta y Librería de Gaspar y Roig).
- DG = Ledo Cabido, B. (dir.) (2004): *Diccionario de galego* (Vigo: Ir Indo).
- DGL = Feixó Cid, X. G.; Enríquez Rodríguez; X. M., e Rocamonde Gómez, R. (1986): *Diccionario da lingua galega*. 3 vols. (Vigo: Ir Indo).
- DRAE = Véxase Real Academia Española (1899) e (1956, 2001).
- DTG = Celdrán, P. (2002): *Diccionario de topónimos y gentilicios* (Madrid: Espasa-Calpe).
- EGU = *Enciclopedia Galega Universal* (ed. 1999) (Vigo: Ir Indo).
- Du Cange (1954): *Glossarium Mediae et Infimae Latinitatis* (Graz-Austria: Akademische Druck / U. Verlagsanstalt).
- López Alsina, F. (1988): *La ciudad de Santiago en la alta Edad Media* (Santiago de Compostela: Ayuntamiento, Centro de Estudios Jacobeos, Museo Nacional de las Peregrinaciones).
- López Ferreiro, A. (1883): *Historia da Santa A. M. Iglesia de Santiago*. Tomo I, ed. facs. 1983 (Santiago de Compostela: Sálvora).
- López Pereira, J. E.; Couceiro Pérez, J. L.; Díaz de Bustamante, M.; López Alsina, F., e Rodríguez Prieto, Á. (2006): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (<http://corpus.cirp.es/codolga>).

- Montero Díaz, S. (1935): *Colección diplomática del Monasterio de S. Martín de Jubia* (Santiago de Compostela).
- Moralejo Laso, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa* (Santiago de Compostela: Pico Sacro).
- Navaza Blanco, G. (2006): *Fitotoponimia galega* (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza).
- Porto Dapena, J. A. (1985): “Estudio toponímico del ayuntamiento gallego de Cedeira (España)”, en *Thesaurus. Boletín del Instituto Caro y Cuervo*, vol. XL: 508-532.
- Porto Dapena, J. A. (2004a): “Os hidrónimos da ría de Cedeira”, *Diario de Ferrol* (28-3-2004).
- Porto Dapena, J. A. (2004b): “Orónimos da ría de Cedeira”, *Diario de Ferrol* (6-6-2004).
- Porto Dapena, J. A. (2004c): “O bon nome de As Sonreiras”, *Diario de Ferrol* (15-8-2004).
- Porto Dapena, J. A. (2004d): “Os Marouzós de Cedeira”, *Diario de Ferrol* (21-11-2004).
- Porto Dapena, J. A. (2004e): “¿Porto do Cabo ou Porto de Cabo?”, *Diario de Ferrol* (26-12-2004).
- Porto Dapena, J. A. (2006): “¿Cedeira vén de cetárea?”, *Diario de Ferrol* (12-3-2006).
- Porto Dapena, J. A. (2007): “Desbrozando o camiño de *Cetaria* a *Cedeira*”, *A Javiota* (inverno 2006-2007), 17: 5-11.
- Poza, A. de (2003): *Hydrographia* (Salamanca: G. Herráez Cubino (ed.), Univ. de Salamanca)
- Real Academia Española (1899): *Diccionario de la lengua castellana* (Madrid: Imprenta de los Sres. Hernando y compañía, 13ª ed.).
- Real Academia Española (1956 e 2001): *Diccionario de la lengua española* (Madrid: Espasa-Calpe, 18ª e 21ª ed.).
- Real Academia de la Historia (ed.) (1861): *Ordenamiento de postura sen el Ayuntamiento de Jerez* (Madrid: Real Academia de la Historia).
- Rivas Quintas, E. (1982): *Toponimia de Marín*. Anexo 18 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Romaní Martínez, M. (1990): “Propiedades del Monasterio de Oseira”, *Estudios Mindonienses*, VI: 689-704.
- Usero, R. (1987): “El hospital de ‘lazarados’ y la ermita de *A Madalena*”, *Cedeira Fiestas, Agosto-1987*: sen páx. Tamén en *Estudios Mindonienses*, XI (1995): 369-386.
- Zerolo, E. (1895): *Diccionario enciclopédico de la lengua castellana* (Paris: Garnier hermanos).